

PROGRAMACIÓN

DIDÁCTICA

4º CURSO

Año 2020/2021

Sio Lourido, Rafael (Titor 4º A)

Ahijado Gómez, Luis (Titor 4º B)

Esporas Placer, David (Desdobre matemáticas 4A)

Blanco Fiunte, María Belén (Desdobre matemáticas 4B)

De Manuel Lafuente, Diego (Inglés 4A)

García Rodríguez, María Dolores (Inglés 4B)

González Figueiras, Óscar (Educación Física)

Pombo Rego, Sabela (Plástica e música)

Sánchez Moure, María Sol (Relixión)

Índice

1	Introdución e contextualización	4
2	Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	4
3.	Obxectivos	5
4.	Contidos, criterios e avaliación e estándares de aprendizaxe	7
5.	Temporización	72
6.	Avaliación	78
6.1	Instrumentos de avaliación	78
6.2	Criterios de corrección	78
6.3	Procedementos de avaliación	79
7.	Mínimos esixibles	79
8.	Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial	84
9.	Metodoloxía didáctica	84
10.	Materiais e recursos didácticos, incluídos os libros de texto	85
11.	Medidas de atención a diversidade	86
12.	Programa de reforzo e recuperación	87
13.	Programa da Educación en Valores	87
14.	Accións de contribución ao Proxecto Lector	88
15.	Accións de contribución ao Plan TIC	89
16.	Accións de contribución ao Plan de Convivencia	89
17.	Accións de contribución ao Proxecto Lingüístico	90
18.	Actividades complementarias e extraescolares	90
19.	Procedementos para avaliar a propia programación	91

Área de Educación Física	92
Area de Educación Artística	118
Área de Música	133
Área de Relixión	152
Área de Lingua Estranxeira: Inglés	194

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

O que sigue é a programación didáctica para o cuarto curso do CEIP Plurilingüe Monforte, en Monforte de Lemos. Dita programación ten en conta a lexislación vixente, Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro, de Educación e o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, que establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Como toda programación, este é un documento de apoio e de fundamentación da labor docente cara a optimización da praxis educativa que se está a levar a cabo no citado curso.

Os titores do curso son Rafael Sio Lourido e Luis Ahijado Gómez que imparten todas as áreas agás inglés, plástica, música, relixión e educación física que as imparten os mestres especialistas.

O nivel consta de 18 nenos e nenas en 4A e 18 nenos e nenas en 4B.

Durante este curso levaranse a cabo desdobres nas áreas de lingua castelá e matemáticas que serán impartidos polos dous titores e os mestres María Belén Blanco Fiunte e David Esporas. Con respecto a lingua castelá, será impartida polos dous titores de 4º. Cada titor dividirá o seu grupo clase en dous subgrupos con mesmo número de alumnos e impartirá a materia a un deles. A outra metade recibirá clases do titor doutro 4º.

Con respecto as matemáticas cada titor de cuarto impartirá a materia a unha metade do seu grupo e o outro recibirá clases dun dos outros mestres do centro, sendo David Esporas Placer o encargado de facelo en 4A e María Belén Blanco Fiunte a responsable en 4B.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

1. Para os efectos deste Decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

–1.º Comunicación lingüística (CCL).

–2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

–3. ° Competencia dixital (CD).

–4. ° Aprender a aprender (CAA).

–5. ° Competencias sociais e cívicas (CSC).

–6. ° Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

_ 7. ° Conciencia e expresións culturais (CCEC).

2. Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
3. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

3.- OBXECTIVOS.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

- d) Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situación cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestión de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

4.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.-

En cada área os contidos agrúpanse en bloques, o que permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis axeitada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas ao que van dirixidos.

LINGUA CASTELÁ

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR

B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.

B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.

B1.3. Participación en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso ordenado e coherente.

B1.4. Dedución das palabras polo contexto. Interese pola ampliación do vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas.

B1.5. Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).

B1.6. Reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.

B1.7. Produción de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa.

B1.8. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos e preguntar.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

B2.1. Lectura, en silencio e en voz alta de distintos tipos de texto adecuados ao seu nivel.

B2.2. B2.2. Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios).

B2.3. Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións. Identificación de palabras clave. Anticipación de hipóteses de significado polo contexto. Recoñecemento básico da tipoloxía textual. Uso do dicionario.

B2.4. Gusto pola lectura.

B2.5. Selección de libros segundo o gusto persoal

B2.6. Lectura dos libros establecidos no Plan lector.

B2.7. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de aprendizaxe e de lecer.

B2.8. Iniciación á creación da biblioteca persoal.

B2.9. Identificación e valoración crítica das mensaxes e valores transmitidos polo texto

B2.10. Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.

B2.11. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de aprendizaxe

B2.12. Identificación e valoración crítica das mensaxes e valores transmitidos polo texto.

B2.13. Uso guiado das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.

B2.14. Lectura dos libros establecidos no Plan lector.

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

- B3.1. Produción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades.
- B3.2. Cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.
- B3.3. Aplicación das normas ortográficas. Acentuación.
- B3.4. Valoración da propia produción escrita, así como da produción escrita dos seus compañeiros.
- B3.5. B3.5. Valoración da propia produción escrita, así como da produción escrita dos seus compañeiros.
- B3.6. Realización de ditados.
- B3.7. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, xeración de ideas, estrutura...).
- B3.8. Textualización en frases con secuencia lineal.
- B3.9. Revisión e mellora do texto.
- B3.10. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómicos.
- B3.11. Uso da linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- B3.12. Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e da Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.
- B3.13. Produción de textos segundo Plan de escritura do centro.

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

- B4.1. A palabra. A sílaba. Ditongos e hiatos.
- B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras e explicación reflexiva do seu uso en situacións concretas de comunicación (nome, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos). Características e uso de cada clase de palabra.
- B4.3 Conxugación dos verbos regulares e irregulares máis frecuentes.

- B4.4. Vocabulario. Frases feitas. Formación de substantivos, adxectivos e verbos. Recursos derivativos: prefixos e sufixos na formación de nomes, adxectivos e verbos.
- B4.5. Recoñecemento e observación reflexiva dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado.
- B4.6. Recoñecemento e uso dalgúns conectores textuais básicos.
- B4.7. Uso eficaz do dicionario para ampliación de vocabulario e como consulta ortográfica e gramatical.
- B4.8. Clases de nomes: comúns, propios, individuais, colectivos, concretos e abstractos.
- B4.9. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía. Regras de acentuación. Signos de puntuación.
- B4.10. As relacións gramaticais Recoñecemento e explicación reflexiva das relacións que se establecen entre o substantivo e o resto dos compoñentes do grupo nominal.
- B4.11. Utilización de material multimedia educativo e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade.
- B4.12. Valoración da diversidade da lingua na nosa comunidade autónoma.
- B4.13. Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

- B5.1. Valoración dos textos literarios como vehículo de comunicación e como fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal.
- B5.2. Lectura guiada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.
- B5.3. Lectura comentada de poemas, relatos e obras teatrais.
- B5.4. Identificación de recursos literarios.
- B5.5. Distinción entre conto e lenda. Coñecemento de lendas españolas e doutros países.

B5.6. Creación de textos literarios en prosa ou en verso, valorando o sentido estético e a creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro

B5.7. Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.

B5.8. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios.

B5.9. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

LINGUA GALEGA

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR

B1.1. Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e elaboración dun resumo.

B1.2. Uso guiado de documentos audiovisuais para obter e relacionar informacións relevantes para aprender.

B1.3. Comprensión e produción de textos orais breves para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase ou debates).

B1.4. Actitude de escoita adecuada e respecto das de quen fala sen interrupcións inadecuadas.

B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (informacións, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento do tema, respecto ás opinións das demais persoas, papeis diversos no intercambio comunicativo, ton de voz, posturas e xestos adecuados).

B1.6. Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: ton de voz, entoación, xestos e uso de nexos básicos.

- B1.7. Producción de textos orais propios dos medios de comunicación social mediante simulación para ofrecer e compartir información e opinión.
- B1.8. Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais.
- B1.9. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.
- B1.10. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.
- B1.11. Uso, dunha forma xeral, dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- B1.12. Recoñecemento das variedades lingüísticas de carácter xeográfico en textos orais, sinalando as diferenzas fonéticas e morfolóxicas e léxicas máis evidentes.
- B1.13. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais e públicos (sanidade, educación, medios de comunicación, comercios...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

- B2.1. Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia escolar, normas da clase, normas do comedor, normas do transporte e regras de xogos.
- B2.2. Comprensión de información xeral en textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas web infantís) con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos, entradas.
- B2.3. Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos descrições, instrucións e explicacións).
- B2.4. Interpretación de esquemas, gráficos e ilustracións relacionadas co contido principal do texto que acompañan.
- B2.5. Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto sinxelo.
- B2.6. Introducción ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...).

- B2.7. Uso dirixido das tecnoloxías da información e das bibliotecas para obter informacións relevantes para realizar as súas tarefas.
- B2.8. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de textos en galego adaptados aos seus intereses.
- B2.9. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios.
- B2.10. Coñecemento do funcionamento da biblioteca da aula e do centro, así como as virtuais e participación en actividades literarias.
- B2.11. Mantemento adecuado e ampliación da biblioteca persoal.
- B2.12. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias.
- B2.13. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

- B3.1. Uso, de maneira xeral, das estratexias de planificación, de textualización e revisión como partes do proceso escritor.
- B3.2. Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia básica, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións) de acordo coas características propias destes xéneros.
- B3.3. Composición de textos de información e de opinión moi sinxelos, característicos dos medios de comunicación social, sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, en situacións reais ou simuladas.
- B3.4. Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións).
- B3.5. Creación de textos sinxelos utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.
- B3.6. Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.
- B3.7. Utilización de elementos gráficos e paratextuais, con grao crecente de dificultade, para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos, tipografía) e ilustrar o seu contido.

B3.8. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.

B3.9. Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos

BLOQUE 4. COÑECIMENTO DA LINGUA

B4.1. Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes, cuantificadores, tempos verbais (pasado, presente e futuro).

B4.2. Aplicación xeral das normas ortográficas, apreciando o seu valor social.

B4.3. Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.

B4.4. Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.

B4.5. Inserción e coordinación de oracións como instrumento na mellora da composición escrita.

B4.6. Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (adición, causa, oposición, contradición...), en relación coa composición de textos.

B4.7. Identificación intuitiva do verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, así como dalgúns papeis semánticos do suxeito.

B4.8. Uso do dicionario, en papel ou dixital, con certa autonomía.

B4.9. Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos de antónimos e palabras polisémicas de uso habitual, en relación coa comprensión e coa produción de textos.

B4.10. Valoración da lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.

B4.11. Comparación entre aspectos das linguas que coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos e recoñecer as interferencias.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

- B5.1. escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos), así como da literatura galega en xeral.
- B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
- B5.3. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses.
- B5.4. Lectura guiada e expresiva de textos narrativos da literatura infantil, adaptacións breves de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.
- B5.5. Lectura guiada de poemas, de relatos e de obras teatrais sinxelas recoñecendo as características dalgúns modelos.
- B5.6. Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.
- B5.7. Dramatización e lectura dramatizada de situacións de textos literarios adaptados á súa idade.
- B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.
- B5.9. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.
- B5.10. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.

MATEMÁTICAS

BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS

B1.1. Planificación do proceso de resolución de problemas: análise e comprensión do enunciado. Estratexias e procedementos postos en práctica: facer un debuxo, unha táboa, un esquema da situación, ensaio e erro razoado, operacións matemáticas axeitadas etc. Resultados obtidos.

B1.2. Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais

B1.3. Acercamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas.

B1.4. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.

B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.

B1.6. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.

BLOQUE 2. NÚMEROS

B2.1. Números naturais, decimais e fraccións.

B2.2. A numeración romana.

B2.3. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números.

B2.4. Nome e grafía dos números de máis de seis cifras.

B2.5. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc.

B2.6. O sistema de numeración decimal: valor posicional das cifras.

B2.7. O número decimal: décimas e centésimas.

B2.8. Fraccións. Representación gráfica.

B2.9. Os números decimais: valor de posición.

B2.10. Descomposición e redondeo de números naturais e decimais

- B2.11. Operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división.
- B2.12. Identificación e uso dos termos propios da división.
- B2.13. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais.
- B2.14. Concepto de fracción como relación entre as partes o todo.
- B2.15. Operacións con fraccións.
- B2.16. Operacións con números decimais.
- B2.17. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.
- B2.18. Estimación de resultados.
- B2.19. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.
- B2.20. Automatización de algoritmos.
- B2.21. Descomposición de números naturais atendendo ao valor posicional das súas cifras.
- B2.22. Construción de series ascendentes e descendentes.
- B2.23. Descomposición de números decimais atendendo ao valor posicional das súas cifra.
- B2.24. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental.
- B2.25. Utilización da calculadora.
- B2.26. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas.
- B2.27. Resolución de problemas da vida cotiá.

BLOQUE 3. MEDIDA

B3.1. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.

B3.2. Realización de medicións.

B3.3. Estimación de lonxitudes, capacidades e masas de obxectos e espazos coñecidos; elección da unidade e dos instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida.

B3.4. Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude.

B3.5. Desenvolvemento de estratexias para medir figuras de maneira exacta e aproximada.

B3.6. Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade e masa.

B3.7. Unidades de medida do tempo e as súas relación.

B3.8. Equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos.

B3.9. Lectura en reloxos analóxicos e dixitais.

B3.10. Cálculos con medidas temporais.

B3.11. O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes.

B3.12. Múltiplos e submúltiplos do euros.

B3.13. Equivalencias entre moedas e billetes.

BLOQUE 4. XEOMETRÍA

B4.1. Formas planas e espaciais: figuras planas: elementos, relación e clasificación.

B4.2. Clasificación de triángulos atendendo os seus lados e os seus ángulos.

B4.3. Clasificación de cuadriláteros atendendo o paralelismo dos seus lados. Clasificación dos paralelepípedos.

B4.4. A circunferencia e o círculo. Elementos básicos: centro, raio e diámetro.

B4.5. Identificación e denominación de polígonos atendendo o número de lados.

B4.6. Corpos xeométricos: elementos, relación e clasificación.

B4.7. Poliedros. Elementos básicos: vértices, caras e arestas. Tipos de poliedros.

B4.8. Corpos redondos: cono, cilindro e esfera.

B4.9. Regularidades e simetrías: recoñecemento de regularidades.

B4.10. Interpretación de representacións espaciais en situacións da vida cotiá.

B4.11. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.

BLOQUE 5. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE

B5.1. Recollida e clasificación de datos cualitativos e cuantitativos.

B5.2. Análise crítica das informacións que se presentan mediante gráficas estadísticas.

COMPETENCIA DIXITAL

-Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador. -Coidado dos recursos informáticos.

- As TIC para a recollida de datos e comparación da información obtida.

- Realización de proxectos, pequenas investigacións e presentación de resultados. - Interese por coidar a presentación dos traballos en soporte dixital ou papel. - Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para a busca de información e para a súa comunicación, empregando a nivel básico o tratamento de textos (titulación, formato, arquivo e recuperación dun texto, cambios, substitucións e impresión). -Seguimento dunha secuencia dada para atopar unha

información en internet e noutros soportes.-Planificación, observación e comparación utilizando instrumentos apropiados e medios audiovisuais e tecnolóxicos da maneira máis precisa e rigorosa posible. Comunicación dos resultados, empregando distintos soportes textuais.

-Iniciación á actividade científica. -Emprego de diferentes fontes de información.

-Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de aprendizaxe e de lecer.

-Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.

-Creación de textos, utilizando as TIC e a linguaxe verbal e non verbal, con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómicos.

-Utilización de material multimedia educativo e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade.

-Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.

-Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.

-Formas planas e espaciais: figuras planas: elementos, relación e clasificación.

-Iniciarse no uso do dicionario bilingüe e outros materiais de consulta en soporte papel ou dixital adecuados á idade do alumnado (lingua estranxeira).

-Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coas áreas.

-Conduas responsables no uso das TIC: autonomía, autocontrol, seguridade, sentido ético.

-O consumo responsable. Identificación de actitudes e estratexias persoais e colectivas de consumo responsable.

-A publicidade e as súas técnicas. Influencia nos hábitos de consumo.

- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para buscar e seleccionar e elaborar a información e presentar conclusións.

- Exploración de recursos dixitais para a creación de obras artísticas. Compilación de imaxes para complementar textos (carteis, anuncios, esquemas etc.
- Documentación sobre producións artísticas nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación para un sinxelo tratamento das imaxes, o deseño, a animación e a difusión dos traballos elaborados.
- Valoración dos medios de comunicación e das novas tecnoloxías da información e da comunicación como instrumentos de coñecemento, produción e satisfacción.
- Uso das tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer as manifestacións do patrimonio cultural e artístico dos pobos (autores e autoras, obras e documentación).
- Uso de aplicacións informáticas educativas sinxelas para a análise e a produción musical
- Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.
- Uso guiado de documentos audiovisuais para obter e relacionar informacións relevantes para aprender.
- Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.
- Utilización de elementos gráficos e paratextuais, con grao crecente de dificultade, para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos, tipografía) e ilustrar o seu contido.
- Lectura guiada e expresiva de textos narrativos da literatura infantil, adaptacións breves de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.

CIENCIAS DA NATUREZA

CONTIDOS

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

B1.1. Realización de proxectos, pequenas investigacións e presentación de resultados.

B1.2. Interese por coidar a presentación dos traballos en soporte dixital ou papel.

B1.3. Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para a busca de información e para a súa comunicación, empregando a nivel básico o tratamento de textos (titulación, formato, arquivo e recuperación dun texto, cambios, substitucións e impresión).

B1.4. Seguimento dunha secuencia dada para atopar unha información en internet e noutros soportes.

B1.5. Iniciación á actividade científica.

B1.6. O traballo cooperativo.

B1.7. Técnicas traballo. Recursos e técnicas de traballo individual.

B1.8. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.

BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE

B2.1. O corpo humano e o seu funcionamento.

B2.2. As funcións vitais. Importancia dos sentidos en relación co medio. Descrición do seu papel e formas para o seu coidado habitual.

B2.3. Recoñecemento dos cambios físicos e persoais nas diferentes etapas da vida das persoas.

B2.4. Saúde e enfermidade.

B2.5. Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.

- B2.6. Actitude crítica ante prácticas e mensaxes que non favorecen o correcto desenvolvemento da saúde.
- B2.7. Factores que producen as enfermidades máis habituais: carie, obesidade, gripe, catarros...
- B2.8. Coñecemento de si mesmo/a e dos e das demais: emocións e sentimentos propios e alleos. Valoración das súas habilidades persoais.
- B2.9. A relación cos demais. Toma de decisións.
- B2.10. A igualdade entre homes e mulleres.
- B2.11. Clasificación dos alimentos en función dos nutrientes principais.
- B2.12. Identificación de sistemas de conservación alimentaria.
- B2.13. Pirámide alimentaria.
- B2.14. Análise de dietas equilibradas.

BLOQUE 3. OS SERES VIVOS

- B3.1. Diferenza entre seres vivos e inertes.
- B3.2. Identificación de animais e de plantas como seres vivos.
- B3.3. Identificación e clasificación de rochas a partir de características observables.
- B3.4. Clasificación de animais vertebrados e invertebrados a partir de características observables.
- B3.5. Clasificación das plantas (herbas, arbustos e árbores) a partir de características observables.
- B3.6. Utilización guiada de claves e de guías de animais e plantas para a clasificación e identificación dalgúns especies existentes en Galicia.
- B3.7. Identificación de cambios observables que se producen nos seres no contorno.
- B3.8. Valoración da biodiversidade e interese pola súa conservación.

B3.9. Planificación, observación e comparación das diversas maneiras en que os seres vivos realizan as funcións vitais utilizando instrumentos apropiados e medios audiovisuais e tecnolóxicos da maneira máis precisa e rigorosa posible. comunicación dos resultados, empregando distintos soportes textuais.

BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA

B4.1. O sol e a auga como fontes de enerxía.

B4.2. Características e propiedades do aire e actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.

B4.3 Valoración da importancia da boa calidade da auga e do aire para a nosa saúde e o mantemento da vida.

B4.4. Intervención da enerxía na vida cotiá.

B4.5. Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Aforro enerxético.

B4.6. A produción de residuos, a contaminación e o impacto ambiental.

B4.7. Desenvolvemento de actitudes individuais e colectivas fronte a determinados problemas medioambientais.

B4.8. Realización de experiencias sinxelas sobre o comportamento dos corpos (lupas, espellos, auga e prismas) diante da luz.

B4.9. Identificación de forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou deformen.

B4.10. Realización de experiencias con mesturas.

B4.11. Identificación de compoñentes e preparación dunha mestura.

B4.12. Procedementos de separación.

BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS

B5.1. Identificación da enerxía que fai funcionar as máquinas de uso cotián e doméstico e algúns operadores mecánicos (eixe, roda, polea, plano inclinado, engrenaxe, freo, panca, manivela etc.).

B5.2. Importancia da ciencia e da tecnoloxía para mellorar as condicións de vida e de traballo

B5.3. Planificación e realización dalgún obxecto ou máquina de construción sinxela.

B5.4. Manexo de ferramentas, aparellos e máquinas de uso doméstico, superando estereotipos sexistas.

B5.5 Prevención de riscos no emprego de máquinas de uso cotián.

CIENCIAS SOCIAIS

CONTIDOS

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS

B1.1. Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das súas fases e a súa aplicación nas Ciencias sociais. Proposta de traballo que xurda dun problema, acontecemento ou inxeranza e que supoña un proceso de investigación e acción que garanta participación activa do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.

B1.2. Busca e selección de información empregando as TIC e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso (mediante uso do cartafol) e comunicación das conclusións.

B1.3. Planificación e xestión de proxectos co fin de acadar obxectivos. Iniciativa emprendedora.

B1.4. Emprego de técnicas de estudo individual e de estratexias de traballo cooperativo. Valoración do esforzo e coidado do material.

B1.5. Participación activa e construtiva na vida social, uso das normas de convivencia.

B1.6 A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos.

B1.7. Utilización da terminoloxía propia da área. - Elaboración dun glosario da área.

B1.8.Fomento de Técnicas de animación á lectura de textos de divulgación das Ciencias sociais (de carácter social, xeográfico e histórico). - A prensa escrita e dixital como fontes de información.

B1.9.Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficos.

BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA

B2.1.A litosfera: placas tectónicas. Os volcáns, os terremotos e as súas consecuencias.

B2.2.Formas de representación da Terra: planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.

B2.3.Identificación dos polos, o eixe e os hemisferios.

B2.4.Os paralelos e meridianos. As coordenadas xeográficas: latitude e lonxitude.

B2.5.Planos, mapas e planisferios. Mapas físicos e políticos.

B2.6.Escalas e signos convencionais dun mapa.

B2.7.Orientación no espazo: Elaboración dun itinerario coa axuda de ferramentas dixitais.

B2.8.O tempo atmosférico.

B2.9.Medición e predición meteorolóxica. Instrumentos de medida. Elaboración e comunicación dun parte meteorolóxico empregando as TIC (programa de radio, boletín meteorolóxico etc.).

B2.10.Gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións: os climogramas.

B2.11.Os mapas do tempo. Símbolos convencionais.

B2.12.A hidrosfera. Distribución das augas no planeta. Masas e cursos de auga.

B2.13.Vertentes hidrográficas.

B2.14.Os tramos dun río.

B2.15.A litosfera: características e tipos de rochas.

B2.16.Rochas e minerais: propiedades, usos e utilidades.

B2.17.A diversidade xeográfica das paisaxes de Galicia: relevo e hidrografía. Utilización de sistemas de información xeográfica.

B2.18.A intervención humana no medio.

B2.19.A contaminación e o cambio climático.

B2.20.Desenvolvemento sostible e consumo responsable. Elaboración dunha campaña de concienciación no centro educativo.

BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

B3.1.A Constitución de 1978.

B3.2.Dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.

B3.3.Forma de goberno: a monarquía parlamentaria.

B3.4.As principais institucións políticas e as súas funcións. Elaboración de organigramas sinxelos.

B3.5.A organización social, política e territorial: o Estado español e as Comunidades Autónomas.

B3.6.Estructuras de goberno básicas: o concello.

B3.7. Manifestacións culturais e lingüísticas de España.

B3.8.Demografía e poboación.

B3.9.Conceptos demográficos: básicos e a súa representación. Representacións gráficas dalgúns datos demográficos de Galicia obtidos en fontes estatísticas: IGE

B3.10.Educación viaria. Adquisición de coñecementos que contribúan a consolidar condutas e hábitos viarios correctos.

BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO

B4.1.O tempo histórico. A Prehistoria e a Idade Antiga: duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan. Proxecto de traballo colaborativo sobre as formas de vida que caracterizan a Prehistoria.

B4.2.As fontes históricas: a importancia das fontes arqueolóxicas e materiais. A escritura.

B4.3.Técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado: os mapas históricos e as liñas do tempo.

B4.4.A península ibérica na Prehistoria.

B4.5.A península ibérica na Idade Antiga.

B4.6.A Prehistoria e Idade Antiga en Galicia. Os principais xacementos arqueolóxicos de Galicia.

B4.7.Noso patrimonio histórico e cultural.

B4.8.Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo. Planificación conxunta e visita a un museo próximo.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA

B1.1. O autocoñecemento. Identificación das características persoais e dos trazos de identidade, as propias capacidades e necesidades.

B1.2. Habilidades comunicativas. Expresión de vivencias e sentimentos de forma construtiva

B1.3. O autoconcepto. A autovaloración; os trazos de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal. O estilo persoal positivo.

B1.4. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Causas e consecuencias. Asociación pensamento-emoción. □ B1.5. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia.

B1.6. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e a ás demais persoas. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora.

B1.7. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo e nunha mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración.

B1.8. A iniciativa. A automotivación. A autoproposta de desafíos.

B1.9. A Responsabilidade. Causas e consecuencias das accións propias. A toma de decisións persoais meditadas: técnicas e recursos. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.

BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS

B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos.

B2.2. A comunicación receptiva. A escoita activa. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar.

B2.3. Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación e recoñecemento de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación

B2.4. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas.

B2.5. O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo.

B2.6. A intelixencia interpersoal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo

B2.7. O respecto, a tolerancia e a valoración do outro. As diferenzas culturais. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado.

B2.8. A diversidade. Respecto polos costumes e modos de vida diferentes ao propio.

B2.9. As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo

BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS

B3.1. Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisión destes. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos.

B3.2. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación igualitaria. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos. □ B3.3. Estructuras e técnicas da aprendizaxe cooperativa.

B3.4. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade

B3.5. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. As fases da mediación formal. A transformación do conflito en oportunidade.

B3.6. Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todos os nenos e de todas as nenas do mundo recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución española.

B3.7. Os valores cívicos e o exercicio dos dereitos e deberes nas situacións de convivencia no contorno inmediato entre iguais.

B3.8. Dereitos dos nenos e das nenas. Relacións entre dereitos e deberes. Recoñecemento do seu carácter universal para todos os homes e as mulleres, sen discriminación.

B3.9. Realización e interpretación de gráficos sinxelos.

B3.10. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social.

B3.11. A repercusión social, no presente e no futuro, de accións individuais e colectivas. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas de coidado do medio e promoción de formas de vida saudables

B3.12. A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.

B3.13. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos.

LINGUA CASTELÁ

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR

B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoitar.

B1.2. Recoñece a información verbal e non verbal dos discursos orais e intégrala nas producións propias.

B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.

B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras sinxelas a partir do seu contexto de uso.

B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais sinxelos.

B1.6. Reproducir textos axeitados á súa idade, os seus gustos e intereses, utilizando con creatividade as distintas estratexias de comunicación oral.

B1.7. Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais imitando modelos e adecuados ao seu nivel.

B1.8. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.

B1.9. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de outras persoas.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos.

B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.

B2.3. Utilizar estratexias para a comprensión de textos sinxelos de diversa tipoloxía.

B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.

B2.5. Utilizar fontes e soportes existentes na biblioteca para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicalos en traballos persoais.

B2.6. Mostra interese por manter unha biblioteca propia.

B2.7. Identifica a estrutura organizativa de diferentes textos lidos, centrándose na interpretación do seu significado.

B2.8. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, orde e presentación.

B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.

B3.3. Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua escrita.

B3.4. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura.

B3.5. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas do seu interese.

B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.

B3.7. Utilizar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.

B3.8. Escribir os textos establecidos no Plan de escritura.

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.

B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.

B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.

B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.

B4.5. Utilizar programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.

B4.6. Valorar a variedade lingüística de España e do español como fonte de enriquecemento cultural.

B4.7. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

B5.1. Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información.

B5.2. Integrar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñecer e interpretar algúns recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.

B5.3. Coñecer e valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.

B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e fragmentos teatrais.

B5.5. Reproducir textos literarios breves e sinxelos e adaptados á idade.

B5.6. Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade.

B5.7. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

LINGUA GALEGA

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

- B1.1. Comprender o sentido global de textos orais informativos dos medios de comunicación audiovisuais emitidos con claridade, de xeito directo e estilo sinxelo.
- B1.2. Utilizar de xeito guiado documentos audiovisuais valorándoos como instrumento de aprendizaxe.
- B1.3. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.
- B1.4. Manter unha actitude de escoita activa, deixando falar os demais, sen anticiparse ao que van dicir e respectando as súas opinións.
- B1.5. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.
- B1.6. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, usando nexos básicos adecuados e presentando estratexias elementais para facer comprender a mensaxe.
- B1.7. Elaborar textos sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación.
- B1.8. Reforzar a eficacia comunicativa das súas mensaxes orais, coa utilización de elementos propios da linguaxe xestual.
- B1.9. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.
- B1.10. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.
- B1.11. Usar, dunha forma xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- B1.12. Identificar variedades lingüísticas de carácter xeográfico en textos orais, sinalando as diferenzas fonéticas, morfolóxicas e léxicas máis evidentes.
- B1.13. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

- B2.1. Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (web infantís, libros, carteis).
- B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións en textos.

B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e esquematizar e resumir o seu contido.

B2.4. Utilizar, de maneira xeral, estratexias para mellorar a lectura.

B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para obter información necesaria para a realización das súas tarefas.

B2.6. Ler, en silencio ou en voz alta, textos en galego adaptados aos seus intereses.

B2.7. Coñecer o funcionamento da bibliotecas de aula, centro, así como as virtuais, colaborando no seu coidado e mellora, e participar en actividades literarias.

B2.8. Ter interese por ter unha biblioteca propia.

B2.9. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.

B2.10. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.

B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.

B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.

B3.4. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.

B3.5. Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.

B3.6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos.

B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.

B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas.

B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como construír correctamente as oracións desde o punto de vista sintáctico, nas producións orais e escritas.

B4.4. Recoñecer e empregar os conectores básicos.

B4.5. Identificar intuitivamente o suxeito e o predicado, así como o papel semántico do suxeito, para mellorar a comprensión e a produción de textos

B4.6. Usar o dicionario en papel ou dixital, con certa autonomía.

B4.7. Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas de uso habitual, para comprender e producir textos.

B4.8. Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.

B4.9. Establecer relacións elementais entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado. para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

B5.1. Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega, así como da literatura galega en xeral.

B5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes.

B5.3. Identificar o xénero literario ao que pertence uns textos dados.

B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos sinxelos.

B5.5. Participar activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios adaptados á súa idade.

B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.

B5.7. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.

MATEMÁTICAS

B1.1. Expresar verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.

B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.

B1.3. Profundar en problemas resoltos propoñendo pequenas variacións nos datos, outras preguntas etc.

B1.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas.

B1.5. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.

B1.6. Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información relevante en internet ou en outras fontes elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións.

B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as centésimas).

B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor.

B2.3. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as súas propiedades, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.

B2.4. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.

B2.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.

B3.2. Operar con diferentes medidas.

B3.3. Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.

B3.4. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.

B4.1. Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.

B4.2. Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas.

B4.3. Coñecer as características e aplicalas para clasificar: poliedros, prismas, pirámides, corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos.

B4.4. Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.

B4.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.

B5.2. Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, máis ou menos probable) de situacións sinxelas nas que interveña o azar e comprobar o dito resultado.

CIENCIAS DA NATUREZA

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soporte.

B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información.

B1.3. Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais.

BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE

B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.

B2.2 Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.

B2.3. Deseñar un menú equilibrado para a súa idade.

BLOQUE 3. OS SERES VIVOS

B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais, plantas e rochas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais, buscando información en fontes variadas.

B3.2. Planificar, observar e comparar, empregando os instrumentos e o material necesarios e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo contrastando os rexistros propios e os dos compañeiros con información doutras fontes. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.

BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA

B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotián, usos dos recursos naturais e consecuencias do seu uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.

B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de certos corpos diante da luz e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos.

B4.3. Realizar experiencias con mesturas sinxelas de substancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno e achegar conclusións sobre os resultados

BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS

B5.1. Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e o seu uso na vida cotián.

B5.2. Planificar e realizar a construción de forma cooperativa dalgún obxecto ou máquina sinxela para a resolución dun problema formulado e presentar os resultados en diferentes soportes.

CIENCIAS SOCIAIS

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS

B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.

B1.2. Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitando un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.

B1.3. Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.

BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA

B2.1. Coñecer a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e analizar as súas influencias e consecuencias no medio que o rodea.

B2.2. Explicar e comparar as distintas formas de representar a superficie terrestre identificando os polos, o eixe e os hemisferios e analizar cal delas reflicte mellor a realidade á que representa.

B2.3. Identificar e manexar os conceptos de paralelos, meridianos e coordenadas xeográficas para localizar determinados puntos da Terra.

B2.4. Diferenciar correctamente entre planos, mapas, planisferios, mapas físicos e políticos, analizar e describir as características máis relevantes de cada un e interpretar a súa escala e signos convencionais básicos de cara a orientarse nun espazo determinado e á elaboración dun itinerario empregando as TIC.

B2.5. Explicar que é o tempo atmosférico, coñecer os instrumentos de medida, o seu uso, realizar medicións e interpretacións de gráficos a través dos datos recollidos nunha estación meteorolóxica de cara a facer unha predición do tempo atmosférico para un período de tempo determinado e a comunicación deste empregando mapas do tempo.

B2.6. Explicar a hidrosfera, identificar e nomear masas e cursos de auga, diferenciando augas superficiais e augas subterráneas, cuncas e vertentes hidrográficas e analizar as partes das partes dun río do medio próximo.

B2.7. Adquirir o concepto de litosfera, coñecer algúns tipos de rochas e a súa composición identificando distintos minerais e algunha das súas propiedades e usos. Facer especial fincapé nos que son propios de Galicia.

B2.8. Describir as características do relevo de Galicia e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.

B2.9. Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible a través da realización dunha campaña de concienciación no centro educativo.

BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

B3.1. Analizar a importancia que teñen os dereitos, deberes e liberdades recollidos na Constitución para o exercicio dunha cidadanía activa e unha convivencia pacífica.

B3.2. Identificar as principais institucións políticas de Galicia e do Estado español que se derivan da Constitución, así como as súas funcións.

B3.3. Coñecer a organización territorial do Estado español e os seus órganos de goberno básicos.

B3.4. Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas.

B3.5. Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e calculalos a partires dos datos de poboación.

B3.6. Coñecer e respectar as normas de circulación e fomentar a seguridade viaria en todos os seus aspectos.

BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO

B4.1. Explicar as características de cada tempo histórico estudado e certos acontecementos desas épocas que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.

B4.2. Coñecer a importancia das fontes históricas para o estudo da historia.

B4.3. Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.

B4.4. Identificar e localizar no tempo os procesos e acontecementos históricos e culturais máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución e coñecer os principais xacementos arqueolóxicos de Galicia.

B4.5. Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.

B4.6. Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA

- B1.1. Crear unha imaxe positiva de un mesmo tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconcepción.
- B1.2. Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal
- B1.3. Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva
- B1.4. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.
- B1.5. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.
- B1.6. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.
- B1.7. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais

BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS

- B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, , empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal .

- B2.2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.

- B2.3. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade.
- B2.4. Empregar a aserción
- B2.5. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento
- B2.6. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.
- B2.7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.
- B2.8. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.

BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS

- B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.
- B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.

- B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais
- B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.
- B3.5. Comprender a importancia dos dereitos da infancia, valorando as condutas que os protexen.
- B3.6. Comprender a correlación entre dereitos e deberes, valorando situacións reais en relación aos dereitos da infancia e respectando a igualdade de dereitos de nenos e nenas no contexto social.
- B3.7. Comprender e valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia, argumentando en base a procesos de reflexión, síntese e estruturación.
- B3.8. Realiza un uso responsable dos bens da natureza, comprendendo e interpretando sucesos, analizando causas e predicindo consecuencias
- B3.9. Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico

COMPETENCIA DIXITAL

- Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso.
- Recoller datos empregando as TIC.
- Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.
- Planificar, observar e comparar, empregando os instrumentos e o material necesarios e rexistrar de forma cooperativa, contrastando os rexistros propios e os dos compañeiros con información doutras fontes. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.
- Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.
- Utilizar fontes e soportes existentes na biblioteca para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicalos en traballos persoais.
- Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.

- Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas do seu interese, utilizando as TIC.
- Utilizar programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.
- Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información relevante en internet ou en outras fontes elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións.
- Coñecer as figuras planas, coa axuda das TIC.
- Escribir textos sinxelos propios, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.
- Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio ás áreas.
- Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros.
- Analizar criticamente a influencia da publicidade sobre o consumo empregando as novas tecnoloxías.
- Recoñecer, diferenciar e utilizar a expresividade de diversos materiais e soportes audiovisuais.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as creacións propias ou colectivas.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información, investigación e deseño.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en movemento.
- Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical, así como rexistros e aplicacións informáticas para a análise e a produción musical.
- Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.
- Utilizar de xeito guiado documentos audio-visuais valorándoos como instrumento de aprendizaxe.
- Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.
- Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos.

-Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes.

LINGUA CASTELÁ

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXES

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR

LCB1.1.1. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos con certa claridade.

LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa.

LCB1.2.1. Integra recursos verbais e non verbais para comunicarse nas interaccións orais, dándolle valor complementario a estes.

LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación.

LCB1.3.1. Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situación de comunicación:

- diálogos

- exposicións orais segundo modelo e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e comunicación.

LCB1.3.2. Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.

LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.

LCB1.4.2. Diferencia polo contexto o significado de correspondencias fonemagrafía idénticas en textos significativos.

LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais.

LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía de textos orais sinxelos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).

LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.

LCB1.5.4. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación de aprendizaxe individual ou colectiva.

LCB1.6.1. Reproduce de memoria breves textos literarios ou non literarios axeitados aos seus gustos e intereses.

LCB1.7.1. Elabora, imitando modelos, textos orais breves e sinxelos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).

LCB1.7.2. Organiza o discurso axeitándose aos diferentes modos discursivos (narrar, expoñer, describir e dialogar).

LCB1.8.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita, recollida de datos, pregunta e repregunta.

LCB1.9.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para recoller información.

LCB1.9.2. Transforma en noticias feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos.

LCB1.9.3. Resume de forma global entrevistas, noticias e debates infantís procedentes dos medios de comunicación.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

LCB2.1.1. Le en silencio e voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.

LCB2.2. 1. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social.

LCB2.2.2. Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.

LCB2.3.1. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes.

LCB2.3.2. Identifica as palabras clave dun texto.

LCB2.3.3. Activa coñecementos previos axudándose deles para comprender un texto.

LCB2.3.4. Relaciona de xeito global, a información contida nos gráficos e ilustracións coa información que aparece no texto.

LCB2.3.5. Interpreta mapas conceptuais sinxelos.

LCB2.3.6. Iníciase na utilización autónoma do dicionario en distintos soportes, no seu traballo escolar.

LCB2.4.1. Dedicar un tempo semanal para a lectura voluntaria de diferentes textos.

LCB2.5.1. Consulta biblioteca, de xeito guiado, de diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información para realizar traballos individuais ou en grupo.

LCB2.5.2. Localiza na biblioteca de aula e centro lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas de funcionamento da mesma.

LCB2.5.3. Identifica o argumento de lecturas realizadas dando conta dalgunhas referencias bibliográficas: autor ou autora e xénero.

LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.

LCB2.7.1. Diferenza entre información e publicidade.

LCB2.7.2. Formula hipótese sobre a finalidade de textos de tipoloxía evidente a partir da súa estrutura e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos.

LCB2.10.1. Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelo do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas....

LCB3.1.2. Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.

LCB3.1.3. Elabora e presenta, de forma guiada, un informe sinxelo, utilizando soporte papel e informático sobre tarefas ou proxectos realizados.

LCB3.1.4. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.

LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.

LCB3.3.1. Pon interese e esfórzase por escribir correctamente.

LCB3.3.2. Reproduce textos ditados.

LCB3.4.1. Emprega, de xeito guiado e segundo modelos, estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.

LCB3.4.2. Utiliza, para escribir textos sinxelos, borradores que amosan: a xeración e selección de ideas, a revisión ortográfica e a secuencia coherente do escrito.

LCB3.5.1. Elabora gráficas sinxelas a partir de datos obtidos de forma guiada.

LCB3.5.2. Elabora con creatividade textos breves do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis, ilustrándoos para facilitar a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.

LCB3.6.1. Exprésase por escrito, utilizando de xeito habitual, unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas.

LCB3.7.1. Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e da Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, buscar imaxes, crear táboas e gráficas etc.

LCB3.8.1. Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel.

BLOQUE 4. COÑECIMENTO DA LINGUA

LCB4.1.1. Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados.

LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo dos verbos ao producir textos orais e escritos.

LCB4.1.3. Diferenza familias de palabras.

LCB4.2.1. Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos ou frases feitas na expresión oral e escrita.

LCB4.2.2. Recoñece prefixos e sufixos e é capaz de crear palabras derivadas.

LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.

LCB4.2.4. Utiliza diversos conectores básicos entre oracións ao producir textos orais e escritos.

LCB4.2.5. Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado.

LCB4.3.1. Iníciase no coñecemento da estrutura do dicionario e no seu uso para buscar o significado de diferentes tipos palabras.

LCB4.3.2. Selecciona a acepción correcta segundo o contexto de entre as varias que lle ofrece o dicionario.

LCB4.3.3. Utiliza as normas ortográficas básicas nas súas producións escritas.

LCB4.4.1. Utiliza as diferentes clases de palabras para elaborar o discurso.

LCB4.4.2. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e de número na expresión oral e escrita.

LCB4.4.3. Aplica as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto.

LCB4.4.4. Usa os signos de puntuación ao producir textos escritos.

LCB4.4.5. Aplica as normas de uso da til nos seus textos escritos.

LCB4.4.6. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.

LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade como apoio e reforzo da aprendizaxe.

LCB4.6.1. Valora a variedade lingüística de España.

LCB4.7.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos e léxicos) das linguas que coñece.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

LCB 5.1.1. Valora de forma global, as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.

LCB 5.2.1. Realiza lecturas guiadas e comentadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.

LCB 5.2.2. Interpreta, intuitivamente, a linguaxe figurada en textos literarios.

LCB 5.3.1. Distingue algúns recursos retóricos básicos propios dos poemas.

LCB 5.3.2. Utiliza, de xeito guiado, comparacións, aumentativos, diminutivos e sinónimos en textos literarios.

LCB 5.4.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.

LCB 5.5.1. Memoriza e reproduce sinxelos textos orais adecuados á súa idade: contos, poemas, cancións.

LCB 5.6.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade.

LCB 5.7.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

LINGUA GALEGA

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto xornalístico oral informativo dos medios de comunicación audiovisual, emitido de xeito claro, directo e sinxelo.

LGB1.1.2. Elabora un breve resumo dun texto oral.

LGB1.2.1. Accede de xeito guiado a documentos, audiovisuais e dixitais para obter a información necesaria para realizar traballos ou completar información.

LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.

LGB1.3.2. Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global.

LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente a secuencia de ideas, feitos, vivencias e as súas opinións e preferencias, utilizando o dicionario se é preciso.

LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo, así como nos debates.

LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.

LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala.

LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.

LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.

LGB1.5.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptada ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión.

LGB1.5.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación e volume.

LGB1.5.5. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.

LGB1.6.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, na secuencia de ideas ou feitos utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.

LGB1.6.2. Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando algúns nexos básicos.

LGB1.6.3. Amosa un discurso oral claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega.

LGB1.7.1. Elabora textos sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación.

LGB1.8.1. Utiliza a expresividade corporal para reforzar o sentido das súas producións orais.

LGB1.9.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.

LGB1.10.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.

LGB1.11.1. Usa, dunha forma xeral, unha linguaxe non sexista.

LGB1.11.2. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.

LGB1.12.1. Identifica diferenzas fonéticas e morfolóxicas moi evidentes en textos orais caracterizados pola súa orixe xeográfica.

LGB1.12.2. Valora por igual as distintas variedades xeográficas da lingua galega e o estándar como variante unificadora.

LGB1.13.1. Identifica o uso oral da lingua galega con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación, todo tipo de comercios.

LGB1.13.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

LGB2.1.1. Comprende a información relevante en textos propios de situacións cotiás e dos medios de comunicación social nos que esta se amose de forma evidente.

LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo, expositivo) adecuado á súa idade.

LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade.

LGB2.1.4. Interpreta, personificacións, hipérbolos e ironías evidentes, en textos de dificultade adecuada á súa idade.

LGB2.1.5. Identifica a estrutura xeral dun texto e recoñece algúns mecanismos de cohesión (repeticións, sinónimos, anáforas pronominais sinxelas).

LGB2.1.6. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.

LGB2.1.7. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.

LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que acompañan.

LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo.

LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais.

LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo.

LGB2.4.1. Deduce, de maneira xeral, o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.

LGB2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión, cando é preciso.

LGB2.5.1. Utiliza, de forma guiada, as tecnoloxías da información para obter información.

LGB2.5.2. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.

LGB2.6.1. Descodifica sen dificultade as palabras.

LGB2.6.2. Le textos en voz alta, sen dificultade e coa velocidade adecuada.

LGB2.6.3. Le textos, adaptados á súa idade e aos seus intereses, en silencio e sen dificultade.

LGB2.6.4. Fai lecturas dramatizadas de textos.

LGB2.7.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.

LGB2.7.2. Identifica o funcionamento da biblioteca de aula, de centro, así como as virtuais e colabora no seu coidado e mellora.

LGB2.7.3. Participa en actividades literarias do centro.

LGB2.8.1. Aмосa interese pola conservación e organización dos seus libros.

LGB2.9.1. Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.

LGB2.10.1. Aмосa certa autonomía lectora e capacidade de seleccionar textos do seu interese.

LGB2.10.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información.

LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia xeral e de xeito creativo.

LGB3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).

LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe.

LGB3.1.5. Escribe textos propios seguindo o proceso de planificación, redacción, revisión e elabora borradores.

LGB3.1.6. Usa o dicionario durante a elaboración de textos.

LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións...

LGB3.2.2. Redacta textos sinxelos xornalísticos (noticias) e publicitarios (anuncios e carteis).

LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos) seguindo un guión establecido.

LGB3.2.4. Escribe textos coherentes empregando algúns elementos de cohesión.

LGB3.2.5. Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.

LGB3.3.1. Elabora por escrito textos moi sinxelos do ámbito académico (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información.

LGB3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.

LGB3.5.1. Usa, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.

LGB3.6.1. Usa recursos sinxelos gráficos (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía) para facilitar a comprensión dos textos e ilustrar o seu contido.

LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, entreliñado... en calquera soporte.

LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e como medio de obtención e coñecemento.

BLOQUE 4. COÑECIMENTO DA LINGUA

LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e reconece nestes enunciados, palabras e sílabas.

LGB4.1.2. Identifica o tempo verbal (presente, pasado e futuro) en formas verbais dadas.

LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.

LGB4.1.4. Identifica nun texto substantivos, adxectivos determinantes.

LGB4.1.5. Sinala o xénero e número de palabras dadas e cámbiao.

LGB4.2.1. Aplica xeralmente as normas de acentuación.

LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas.

LGB4.2.3. Valora a importancia do dominio da ortografía para asegurar unha correcta comunicación escrita entre as persoas falantes dunha mesma lingua e para garantir unha adecuada interpretación dos textos escritos.

LGB4.3.1. Emprega con correccións os signos de puntuación.

LGB4.3.2. Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións.

LGB4.3.3. Respecta, de xeito xeral, as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono.

LGB4.4.1. Usa diversos conectores básicos entre oracións: adición, causa, oposición, contradición...

LGB4.5.1. Identifica intuitivamente, en oracións sinxelas, o papel semántico do suxeito.

LGB4.5.2. Sinala intuitivamente o verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, en oracións.

LGB4.6.1. Usa, con certa autonomía, o dicionario en papel ou dixital.

LGB4.7.1. Reconece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras.

LGB4.7.2. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, palabras polisémicas de uso habitual.

LGB4.8.1. Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe de España e de Europa.

LGB4.9.1. Recoñece, de forma xeral, e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender.

LGB4.9.2. Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas elementais sintácticas, ortográficas, morfolóxicas e léxicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

LGB5.1.1. escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral.

LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.

LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes.

LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual e en diferentes soportes.

LGB5.3.1. Identifica o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro.

LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.

LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios adaptados á súa idade.

LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.

LGB5.7.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.

MATEMÁTICAS

BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS

MTB1.1.1. Comunica verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema de matemáticas ou en contextos da realidade.

MTB1.2.1. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.

MTB1.2.2. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas.

MTB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas a resolver, contrastando a súa validez e valorando a súa utilidade e eficacia.

MTB1.2.4. Identifica e interpreta datos e mensaxes de textos numéricos sinxelos da vida cotiá (facturas, folletos publicitarios, rebaixas...).

MTB1.3.1. Profunda en problemas unha vez resoltos, analizando a coherencia da solución e buscando outras formas de resolvelos.

MTB1.3.2. Formula novos problemas, a partir dun resolto: variando os datos, propoñendo novas preguntas, conectando coa realidade, buscando outros contextos etc.

MTB1.4.1. Practica o método científico sendo ordenado, organizado e sistemático.

MTB1.5.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada.

MTB1.6.1. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas.

BLOQUE 2. NÚMEROS

MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.

MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.

MTB2.2.1. Descompón, compón e redondea números naturais e decimais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.

MTB2.3.1. Aplica as propiedades das operacións e as relacións entre elas.

MTB2.3.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador na resolución de problemas contextualizados.

MTB2.3.3. Realiza operacións con números decimais na resolución de problemas contextualizados.

MTB2.4.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.

MTB2.4.2. Constrúe series numéricas, ascendentes e descendentes, de cadencias 2, 10, 100 a partir calquera número e de cadencias 5, 25 e 50 a partir de múltiplos de 5, 25 e 50.

MTB2.4.3. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.

MTB2.4.4. Estima e redondea o resultado dun cálculo valorando a resposta.

MTB2.4.5. Emprega a calculadora aplicando as regras do seu funcionamento para investigar e resolver problemas.

MTB2.5.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construindo, argumentando e tomando decisións.

MTB2.5.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.

BLOQUE 3. MEDIDA

MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades e masas de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.

MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.

MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.

MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.

MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.

MTB3.3.1. Resolve problemas da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.

MTB3.4.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais coma figuradas.

BLOQUE 4. XEOMETRÍA

MTB4.1.1. Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre ángulos.

MTB4.1.2. Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentas tecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométricas.

MTB4.2.1. Clasifica cuadriláteros atendendo ao paralelismo dos seus lados.

MTB4.2.2. Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio e diámetro.

MTB4.3.1. Identifica e nomea polígonos atendendo o número de lados.

MTB4.3.2. Recoñece e identifica poliedros, prismas, pirámides e os seus elementos básicos: vértices, caras e arestas.

MTB4.3.3. Recoñece e identifica corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos.

MTB4.4.1. Representa a escola, o barrio ou a aldea mediante un plano ou esbozo.

MTB4.5.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisión.

MTB4.5.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto, propoñendo outras formas de resolvelo.

BLOQUE 5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE

MTB5.1.1. Identifica datos cualitativos e cuantitativos en situacións familiares.

MTB5.2.1. Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estadísticas.

CIENCIAS DA NATUREZA

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.

CNB1.1.2. Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.

CNB1.1.3. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.

CNB1.1.4. Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.

CNB1.1.5. Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo.

CNB1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información.

CNB1.2.2. Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.

CNB1.3.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.

BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE

CNB2.1.1. Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.

CNB2.1.2. Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.

CNB2.2.1. Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde.

CNB2.2.2 Identifica e valora as súas habilidades persoais.

CNB2.2.3. Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais (carie, catarros, gripe, obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.

CNB2.2.4. Planifica, de forma autónoma e creativa, actividades de ocio e tempo libre, individuais e en grupo.

CNB2.3.1. Clasifica e diferencia alimentos en función dos nutrientes principais.

CNB2.3.2. Identifica sistemas de conservación alimentaria.

CNB2.3.3. Analiza dietas e elabora un menú equilibrado na escola.

BLOQUE 3. OS SERES VIVOS

CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.

CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno, con criterio científico.

CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas.

CNB3.1.4. Identifica hábitats de seres vivos e elabora un protocolo para respectar a biodiversidade.

CNB3.2.1. Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.

CNB3.2.2. Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.

BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA

CNB4.1.1. Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.

CNB4.1.2. Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.

CNB4.1.3. Elabora protocolos para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna.

CNB4.2.1. Investiga e explica o comportamento de certos corpos diante da luz.

CNB4.2.2. Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen a través de experiencias ou pequenas investigación.

CNB4.3.1. Compara densidades de diferentes substancias de uso cotián con respecto á auga e presenta conclusións en diferentes soportes.

CNB4.3.2. Identifica e prepara algunhas mesturas de uso doméstico.

CNB4.3.3. Separa compoñentes dalgunhas mesturas de uso cotián presentando conclusións sobre os resultados.

BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS

CNB5.1.1. Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento.

CNB5.1.2. Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.

CNB5.2.1. Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.

CNB5.2.2. Aplica os coñecementos ao deseño e á construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...

CIENCIAS SOCIAIS

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS

CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.

CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.

CSB1.1.3.Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.

CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.

CSB1.2.2.Adoita un comportamento responsable, construtivo e solidario respectando diferentes ideas e achegas nos debates, recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.

CSB1.3.1.Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.

CCB1.3.2.Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifestan a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico.

CSB1.3.3.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.

BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA

CSB2.1..1 Coñece e define a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e as súas consecuencias.

CSB2.2.1.Explica e compara as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos identificando polos, eixe e hemisferios.

CSB2.3.1. Localiza diferentes puntos da Terra empregando os paralelos e meridianos e as coordenadas xeográficas.

CSB2.4.1.Identifica e clasifica distintos tipos de mapas, define que é a escala nun mapa, o seu uso e emprega e interpreta os signos convencionais básicos que poden aparecer nel.

CSB2.5.1.Define tempo atmosférico, identifica os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función e información que proporcionan e fai medicións, interpretacións de datos e predicións do tempo atmosférico.

CSB2.5.2.Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función e confecciona e interpreta gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións .

CSB2.5.3.Interpreta e elabora sinxelos mapas meteorolóxicos distinguindo os seus elementos principais.

CSB2.6.1.define hidrosfera, e identifica e nomea as grandes masas e cursos de auga, explicando como se forman as augas subterráneas, como afloran e como se accede a elas.

CSB2.6.2.Diferencia cuncas e vertentes hidrográficas.

CSB2.6.3.Identifica e nomea os tramos dun río e as características de cada un deles.

CSB2.7.1.Observa, identifica e explica a composición das rochas nomeando algúns dos seus tipos.

CSB2.7.2.Identifica e explica as diferenzas entre rochas e minerais, describe os seus usos e utilidades clasificando algúns minerais segundo as súas propiedades.

CSB2.8.1.Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en Galicia e as súas vertentes hidrográficas.

CSB2. 8.2 Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de Galicia.

CSB2.9.1.Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.

CSB2.9.2. Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.

BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

CSB3.1.1.Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución para o exercicio da cidadanía activa e convivencia pacífica.

CSB3.2.1.Identifica as principais institucións de Galicia e do Estado español e describe as súas funcións.

CSB3.2.2.Identifica a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.

CSB3 3.1 Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.

CSB3.4.1.Recoñece,partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.

CSB3.5.1.Define demografía e comprende os principais conceptos demográficos.

CSB3.5.2.Elabora gráficos sinxelos a partir de datos demográficos de obtidos en diversas fontes de información.

CSB3 6.1.Explica normas básicas de circulación e as consecuencias derivadas do descoñecemento ou incumprimento destas.

CSB3 6.2.Coñece o significado dalgunhas sinais de tráfico, recoñece a importancia de respectalas e as utiliza tanto como pión e como persoa usuaria de medios de transporte (abrochase o cinto, non molestar a persoa condutora...) .

BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO

CSB4.1.1.Define o concepto de prehistoria e historia, asociándoa as distintas idades aos feitos que marcan o seu inicio e final.

CSB4.1.2.Explica e valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandería, como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas.

CSB4.2.1.Recoñece a importancia dos restos arqueolóxicos e materiais que produce unha sociedade como fontes para coñecer o noso pasado, con especial relevancia da escritura.

CSB4.3.1.Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C o d.C.

CSB4.3.2.Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.

CSB4.4.1.Sitúa nunha liña do tempo os feitos fundamentais da prehistoria e historia de España e describe as principais características de cada unha delas.

CSB4.4.2.Explica aspectos relacionados coa forma de vida, organización social e cultura das distintas épocas históricas estudadas.

CSB4.4.3.Explica a diferenza dos dous períodos nos que se divide a Prehistoria e describe as características básicas das formas de vida nestas dúas épocas.

CSB4.4.4.Data a Idade Antiga e describe as características básicas da vida naquel tempo, en especial as referidas á romanización.

CSB4.5.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.

CSB4.6.1.Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

VSCB1.1.1. Expresa a percepción da súa propia identidade relacionando a representación que fai de un mesmo e a imaxe que expresan das demais persoas

VSCB1.1.2.Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas propias calidades e limitacións.

VSCB1.2.1. Razona o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.

VSCB1.2.2. Actúa de forma respectable e digna.

VSCB1.3.1. Reflexiona, sintetiza e estrutura os seus pensamentos.

VSCB1.3.2. Utiliza estratexias de reestruturación cognitiva, de xeito guiado, sobre situacións da súa realidade.

VSCB1.3.3. Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e a resolución de conflitos, de xeito guiado.

VSCB1.3.4. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.

VSCB1.4.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos

VSCB1.4.2. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.

VSCB1.4.3 Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.

VSCB1.5.1. Utiliza o pensamento creativo na análise de problemas e na formulación de propostas de actuación.

VSCB1.5.2.Emprega estratexias para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.

VSCB1.6.1.Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación.

VSCB1.6.2. Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais.

VSCB1.6.3. Define e formula claramente problemas de convivencia.

VSCB.1 7.1.Sopesa as consecuencias das súas accións.

VSCB1.7.2. Desenvolve actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.

VSCB2.1.1. Expresar con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións.

VSCB2.1.2. Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos.

VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais.

VSCB2.1.4. Expón respectuosamente os argumentos.

VSCB2.2.1. escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala.

VSCB2.2.2. Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir.

VSCB2.2.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.

VSCB2.3.1. Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación e facilitar o achegamento co seu interlocutor nas conversas.

VSCB2.3.2. Aмосa interese polos seus interlocutores.

VSCB2.4.1. Expresa abertamente as propias ideas e opinións.

VSCB2.4.2. Emprega a linguaxe positiva.

VSCB2.5.1. Relaciona diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns.

VSCB2.6.1. Emprega diferentes habilidades sociais.

VSCB2.6.2. Participa activamente en actividades grupais e reflexiona sobre a súa contribución á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.

VSCB2.7.1. Respecta e acepta as diferenzas individuais.

VSCB2.7.2. Recoñece, identifica e expresa as calidades doutras persoas .

VSCB2.8.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.

VSCB2.8.2. Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.

BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS

VSCB3.1.1. Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.

VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.

VSCB3.2.1. Aмосa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.

VSCB3.2.2. Emprega axeitadamente estratexias de axuda entre iguais.

VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo.

VSCB3.2.4. Emprega destrezas de interdependencia positiva.

VSCB3.3.1. Percibe e verbaliza a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social.

VSCB3.3.2. Participa na elaboración das normas da aula.

VSCB3.3.3. Respecta as normas do centro escolar.

VSCB3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo, con axuda dunha persoa adulta.

VSCB3.4.2. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais.

VSCB3.4.3. Analiza as emocións, sentimentos e posibles pensamentos das partes en conflito.

VSCB3.5.1. Argumenta a necesidade de protexer os dereitos básicos da infancia.

VSCB3.5.2. Xustifica a importancia de que todos os nenos e nenas reciban axuda.

VSCB3.5.3. Razona as consecuencias da explotación infantil e a trata de nenos e nenas.

VSCB3.6.1. Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes.

VSCB3.6.2. Razona a valoración de situacións reais expostas en internet, en relación aos dereitos da infancia.

VSCB3.6.3. Expón mediante traballos de libre creación as conclusións da súa análise crítica das diferenzas na asignación de tarefas e responsabilidades na familia e na comunidade escolar en función do sexo.

VSCB3.7.1. Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia.

VSCB3.7.2. Realiza traballos de libre creación investigando casos de falta de corresponsabilidade no coidado da familia presentados nos medios de comunicación.

VSCB3.8.1. Amosa interese pola natureza que o rodea e séntese parte integrante dela.

VSCB3.8.2. Razona os motivos da conservación dos bens naturais.

VSCB3.8.3. Propón iniciativas para participar no uso adecuado de bens naturais razoando os motivos.

VSCB3.9.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.

VSCB3.9.2. Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías.

Competencia Dixital

- Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.
- Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.
- Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.
- Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.
- Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.
- Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
- Consulta e emprega documentos escritos, imaxes e gráficos.
- Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo.
- Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación previamente planificada.
- Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes.
- Consulta biblioteca, de xeito guiado, de diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información para realizar traballos individuais ou en grupo.
- Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.
- Elabora gráficas sinxelas a partir de datos obtidos de forma guiada, utilizando as TIC.
- Elabora con creatividade textos breves do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis, ilustrándoos para facilitar a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.

- Utiliza distintos programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade como apoio e reforzo da aprendizaxe.
- Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas.
- Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
- Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.
- Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.
- Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.
- Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentas tecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométricas.
- Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.
- Coñece o emprego seguro das novas tecnoloxías.
- Realiza análise de información dixital sobre as razóns polas que as persoas senten a necesidade de consumir ao ver un anuncio publicitario.
- Reflexiona sobre a influencia da publicidade expresando as conclusións mediante traballos creativos.
- Realiza exposicións axuizando criticamente hábitos de consumo innecesario.
- Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.
- Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais.
- Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas.
- Emprega as novas tecnoloxías para se iniciar no deseño dixital, no tratamento de imaxes ou na animación.
- Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ...) que lle serven para a ilustración de textos.
- Utiliza aplicacións informáticas para representar ou realizar tarefas de análise e produción música.

- Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.
- Accede de xeito guiado a documentos, audio-visuais e dixitais para obter a información necesaria para realizar traballos ou completar información.
- Usa, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.
- Usa recursos sinxelos gráficos e paratextuais (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía) para facilitar a comprensión dos textos e ilustrar o seu contido.
- Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes.
- Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual e en diferentes soportes.

5.- TEMPORALIZACIÓN.-

Segundo as diferentes áreas seguirase os seguintes pasos.

Lingua Castelá e Literatura.

	Título unidades didácticas	Nº de sesións	Trimestre
UD1	La gata	8	
UD2	Querida Susi, Querido Paul.	8	
UD3	Los traballos de Hércules	8	
UD4	Historia de un naufrago	8	

UD5	El rockero	8	
UD6	El secuestro de la biblioteca	8	
UD7	Pobres fantasmas.	8	
UD8	Bestiario poético	8	
UD9	La comida enlatada	8	
UD10	El chocolate	8	
UD 11	Las princesas bailarinas	8	
UD 12	México un lindo país	8	

Lingua Galega

	Título unidades didácticas	Nº de sesións	Trimestre
UD1	Volvemos ao conto	8	
UD2	E ti, de quen es?.	8	
UD3	Andando o tempo	8	

UD4	Cantiga dos reis	8	
UD5	Aprendiz de chef	8	2º trimestre
UD6	Paseo fantasma	8	
UD7	De punta en branco	8	
UD8	Andamos polas ramas	8	
UD9	Un berce de poesía	8	3º trimestre
UD10	Volvemos ao conto	8	
UD 11	Fin da viaxe	8	
UD 12	Tema 12: Fin da viaxe	8	

Matemáticas

	Título UD	Nº de sesións	trimestre
UD1	Números	7	
UD2	Suma e resta	7	
UD3	Multiplicación e potencias	7	

UD4	División	7	2º trimestre	
UD5	Práctica da división	7		
UD6	Fracciones	8		
UD7	Números decimais	8		
UD8	Suma, resta, multiplicación de decimais	8		
UD9	Tempo e diñeiro	8		
UD10	Lonxitude	8		
UD11	Capacidade e masa	7		3º trimestre
UD12	Rectas e ángulos	7		
UD13	Polígonos	7		
UD14	Corpos xeométricos	7		
UD15	Probabilidade e estatística	7		

	Título da UD	Nº de sesións	Trimestre
UD 1	O planeta azul	10	1º trimestre
UD 2	Un lugar para vivir	10	
UD 3	Organizámonos para convivir	10	2º trimestre
UD4	Unha sociedade de contrastes	10	
UD5	Os humanos do pasado	10	3º trimestre
UD6	Viaxe á antiga Roma	10	

CIENCIAS DA NATUREZA

	Título da UD	Nº de sesións	Trimestre
UD 1	Lugares vivos	10	1º trimestre
UD 2	O mundo dos animais e das plantas	10	
UD 3	As función do corpo humano	10	2º trimestre

UD4	O noso corpo funciona	10	
UD5	A materia e a enerxía	10	3º trimestre
UD6	As forzas e as máquinas	10	

VALORES

	Título da UD	Nº de sesións	Trimestre
UD 1	Pensamientos positivos	5	1º trimestre
UD 2	Ladridos diferentes	5	
UD 3	¿Hay que ser solidarios?	5	2º trimestre
UD4	Los derechos perdidos	5	
UD5	Igualdad y corresponsabilidad	5	3º trimestre
UD6	Cuidamos de nuestro planeta	5	

Este obradoiro desenvolverase ao longo do curso, en sesións de 1 hora semanal, en cada grupo de 4º de E.P., na hora de libre configuración.

6 - AVALIACIÓN.-

Entendemos a avaliación como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe. Por tanto, non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

En calquera caso, sempre é bo ter presente que debe ser a avaliación e cales as súas funcións, os seus obxectivos e as súas modalidades máis adecuadas.

6.1.- Instrumentos de avaliación.-

Para a avaliación terase en conta o traballo diario, a participación, as actividades realizadas diariamente, as fichas de reforzo e ampliación, a colaboración do traballo en grupo, as probas orais e escritas, a comprensión oral e a expresión. Todo isto adaptado as necesidades do grupo clase.

Ao comezo do curso farase unha avaliación inicial ca axuda de fichas para saber os coñecementos adquiridos do alumnado e desta maneira ter unha base de inicio.

6.2.- Criterios de corrección.-

.-A hora de corrixir terase en conta as actividades ben feitas e rematadas, a boa presentación ,a limpeza tanto no caderno, no libro de ortografía, como nas fichas de reforzo e ampliación, así como a participación na aula, a atención prestada e a boa letra e claridade dos distintos traballos, así como a súa presentación nas datas sinaladas.

-Nos textos escritos valorarase o contido, o vocabulario, os signos de puntuación, a ortografía e, por suposto, a presentación.

6.3.- Procedementos de avaliación.-

Será continua, global, e terase en conta o alumnado con necesidades especiais así coma as necesidades do grupo clase. Farase a través das actividades propostas no libro de texto, as preparadas pola profesora , as fichas de reforzo, se son necesarias, as tarefas rematadas e a comprensión oral e escrita e a expresión dos distintos temas tratados ao longo do curso.

Para avaliar teranse en conta os seguintes criterios de cualificación para o sexto curso de primaria:

- Probas escritas: ponderarase cun 60% (nas probas escritas terase en conta a presentación e adecuación aos contidos).
- Presentación caderno: ponderarase cun 10% (igualmente a ter en conta presentación, orde e limpeza).
- Traballos realizados e participación na aula: 15%.
- Comportamento: 15%.

7- MÍNIMOS ESIXIBLES.-

Área de matemáticas

Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.

Descompón, compón e redondea números naturais e decimais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.

Opera con números naturais: suma, resta, multiplica e divide (ata dúas cifras) e aplica estas operacións a problemas da vida cotiá.

Entende o concepto de fracción como relación entre as partes e o todo.

Suma resta e multiplica con decimais.

Elixo a unidade máis adecuada para a expresión dunha medida.

Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.

Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais.

Coñece o sistema monetario da unión europea e o utiliza para resolver problemas da vida cotiá.

Recoñece as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.

Interpreta gráficos e estadísticas.

Área Lingua Castelá:

Participa en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoitar.

Exprésase con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.

Recoñece o tema e as ideas principais dos textos orais sinxelos.

Le en silencio e en voz alta, sen dificultade.

Comprende distintos tipos de textos adaptados á súa idade.

Produce textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas básicas e coidando a caligrafía, orde e presentación.

Recoñece as distintas clases de palabras e o seu uso en situacións concretas de comunicación (nome, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos).

Identifica o tempo verbal (presente, pasado e futuro) en formas verbais dadas.

Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e de número na expresión oral e escrita.

Usa os signos de puntuación ao producir textos escritos.

Recoñece a tipoloxía básica dos textos literarios máis comúns da tradición oral e escrita.

Área Lingua Galega:

Participa en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoitar.

Exprésase con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.

Recoñece o tema e as ideas principais dos textos orais sinxelos.

Le en silencio e en voz alta, sen dificultade.

Comprende distintos tipos de textos adaptados á súa idade.

Produce textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas básicas e coidando a caligrafía, orde e presentación.

Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.

Recoñece as distintas clases de palabras e o seu uso en situacións concretas de comunicación (nome, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos).

Identifica o tempo verbal (presente, pasado e futuro) en formas verbais dadas.

Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e de número na expresión oral e escrita.

Usa os signos de puntuación ao producir textos escritos.

Recoñece a tipoloxía básica dos textos literarios máis comúns da tradición oral e escrita.

Área Ciencias Sociais:

- Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.

- Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.

- Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos.
- Coñece o que é a atmosfera.
- Nomea as capas da terra.
- Diferencia entre clima e tempo atmosférico.
- Describir as características do relevo.
- Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste e propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.
- Coñece o principais dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.
- Coñece a organización territorial do Estado español.
- Recoñece o concello e as súas funcións como estrutura básica de goberno.
- Explica normas básicas de circulación e as consecuencias derivadas do descoñecemento ou incumprimento destas.
- Explica e valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandería, como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas.
- Coñece algúns rasgos da prehistoria e da idade antiga.

Área ciencias da natureza:

- Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.
- Coñece a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.
- Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.
- Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno.
- Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno.

- Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.
- Identifica, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias do seu uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.
- Explica o comportamento de certos corpos diante da luz.
- Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen
- Compara densidades de diferentes substancias de uso cotián con respecto á auga.
- Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento e a enerxía que empregan.

Área de valores sociais e cívicos

Tener percepcións, ideas e opinións de un mesmo asociadas ás experiencias vividas e acordos coa imaxe que se proxecta nos demais.

Afrontar as responsabilidades con interese e asumir as consecuencias dos propios actos.

Plantearse desafíos e pequenas metas persoais, afrontalos con ilusión e realizar as tarefas necesarias para alcanzalas.

Identificarse con outras persoas en aspectos afines, compartir propósitos e desexos e aproximar intereses, utilizando habilidades de escoita activa.

Recoñecer a dignidade de todo ser humano, aceptar e realizar unha boa acollida da diferenza e expoñer respetuosamente os argumentos

Realizar a defensa respetuosa das propias ideas, opinións e dereitos, expresar diferentes estratexias de resolución dun mesmo conflito.

Comprender o concepto e valorar a necesidade das normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social e valorar a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.

Coñecer e explicar os dereitos e deberes básicos da Constitución española, realizar xuízos morais de diferentes circunstancias en base a eles.

Valorar o uso responsable das fontes de enerxía no planeta.

Investigar sobre a prevención de accidentes de tráfico.

Coñecer el carácter universal dos dereitos humanos e comprender a necesidade de garantir os dereitos básicos de todas as persoas: saúde, bienestar, alimentación, vestido, vivenda e asistencia médica.

8.- DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL-

Ao longo do primeiro mes do curso, realízanse os protocolos de avaliación inicial co obxecto de determinar; tanto o desenvolvemento das distintas competencias clave por parte do alumnado, coma outros aspectos relacionados coa súa madurez, comportamento, intereses, relacións persoais, hábitos de traballo e nivel de coñecementos previos en cada unha das áreas do curso.

Os instrumentos para realizar esta avaliación serán: a observación do comportamento do alumnado e a realización de distintas probas, a nivel oral e escrito nas distintas áreas; para determinar o nivel de coñecemento dos obxectivos e grao de desenvolvemento das competencias clave. Darase especial importancia ás áreas instrumentais, para o que se farán probas para comprobar a expresión e comprensión oral e escrita e o cálculo e resolución de problemas.

O resultado destas avaliacións será valorado polo equipo docente dos grupos co obxectivo de adaptar a práctica docente ás necesidades do alumnado e tomar outras posibles medidas de atención á diversidade.

9.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA.-

Neste curso escolar farase énfase na priorización dos contidos dos obxectivos mínimos esixibles ao longo do curso.

Así mesmo estableceranse as medidas

No caso de que un alumno ou alumnos non poidan asistir a clase por varios días.... Traballarase de maneira telemática a través da aula virtual do centro e por correo electrónico.

Nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

b.- A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

c.- A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

d.- A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de calquera tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos.

e.- A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade dos/das alumnos/as, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as eles/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.

f.- Prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

g.- Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

h.- Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

10.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS, INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.-

- Libro de texto.
- Pizarra dixital.

- Lecturas complementarias.
- Libros de lectura da biblioteca escolar.
- Prensa.
- Fichas elaboradas polo profesor.

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.-

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) ou altas capacidades intelectuais, TEL, PAS, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso adecuado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Segundo o Preámbulo da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación, a adecuada resposta educativa a todo o alumnado se concibe a partir do principio de INCLUSIÓN, entendendo que dese xeito se garante o desenvolvemento de todos, se favorece a equidade e se contribúe a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos. É dicir, trátase de contemplar a diversidade do alumado como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á atención á diversidade. Por medio de actividades de reforzo e de axuda individualizada desenvólvense interaccións co resto de persoas, o que favorece as relacións construtivas, o respecto, a aceptación, a cooperación, a autonomía, a participación, o sentido crítico e o logro de obxectivos comúns, propiciados polas múltiples e variadas agrupacións que se poden formar.

Tendo en conta a diversidade dos grupos clase hai que ter especial mención, por un lado:

Alumando con ACI

Reforzar os contidos vistos nas unidades coas fichas de reforzo.

Se é necesario a intervención dunha profesora de P.T. ou A.L.

4º A

Neste grupo hai unha nena con discapacidade visual que conta con un equipo adaptado para que teña acceso ao currículo e se están tomando outras medidas necesarias en canto a materiais e situación na aula para que poda seguir con normalidade as clases. Ademais contamos co apoio e orientación dunha profesional da ONCE.

Ademais outro alumno recibe o apoio da especialista de PT e despois da avaliación inicial se determinará se é necesario establecer outras medidas de reforzo co resto do alumnado.

4º B

Neste grupo hai un neno diagnosticado con TDAH que xa repitiu con anterioridade, así coma outros dous compañeiros. Despois da avaliación inicial se decidirá como vai ser o apoio por parte da especialista de PT con respecto estes alumnos e se fose necesario tomar medidas con algún outro.

12.- PROGRAMA DE REFORZO E RECUPERACIÓN.

Tal e como se recolle na O do 9 de Xuño do 2020, establécese un programa específico de reforzo; no cal prioriza a adquisición dos mínimos esixibles de terceiro para o alumnado de estranxeiro que se incorporou por primeira vez no Sistema Educativo Español.

13.-PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.-

- Segundo o artigo 4º.4 do Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia os centros docentes incluírán no seu proxecto educativo a educación en valores:
- Educación moral e cívica: É o eixo referencial en torno ao cal artículase a educación en valores xa que as súas dúas dimensións engloban o conxunto dos trazos básicos do modelo de persoa que participa activamente para solucionar os problemas sociais.

- Educación para a paz: mediante a creación de actividades que estimulen o diálogo como vía privilexiada na resolución de conflitos entre persoas ou grupos sociais.
- Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos: A constitución española comeza co dereito á igualdade sen distinción de sexos, razas ou crenzas. Con todo, unha parte da sociedade segue sendo machista, racista e intolerante, polo que se fai imprescindible transmitir ao alumnado este dereito da humanidade.
- Educación ambiental : os alumnos deben comprender os problemas ambientais que están degradando o noso medio e participar solidariamente no seu coidado.
- Educación para a saúde e calidade de vida: na escola debemos inculcar hábitos de hixiene física, mental e social que desenvolvan a autoestima e melloren a calidade de vida.
- Educación para o lecer: Debemos ofrecer a o alumnado unha alternativa para utilizar o seu tempo de lecer de forma positiva, realizando actividades físicas.
- Educación do consumidor: É necesario dotar aos alumnos de instrumentos de análises cara ao exceso de consumo de produtos innecesarios.
- Educación viaria: O coñecemento e a utilización da vía pública é dunha gran importancia polo que a súa educación ten que comezar na escola.

Estes valores traballaranse ao longo das diferentes áreas e durante todo o curso.

Utilizaranse situacións cotiás para que o alumnado este moito máis relacionado co problema plantexado e que tome conciencia do seu contorno e das relación con este.

14.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.-

Durante todo o ano farase fincapé na lectura.

Traballárase a través de actividades de comprensión lectora, de escritura, de lecturas diarias de diferentes temas e soportes (xornais, revistas, cómics, pizarra dixital, libros de cociña, de ciencia; prosa, poesía, teatro; resultados de enquisas e interpretación de gráficos) así coma unha lectura silenciosa, lectura en voz alta feita polos alumnos, o profesor, durante a hora de ler, e por suposto dedicándolle unha hora a semana a biblioteca, onde farase o intercambio de libros para ler. Ao comezo do curso os títolos elixiremos unha serie de libros en galego e castelán para que lean nas horas de lectura e que serán intercambiados toda vez que os vaian rematando.

15.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.-

As TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación) están a adquirir unha relevancia cada vez maior na nosa sociedade. Avanzan a pasos axigantados, polo que cómpre estar constantemente actualizándose para non quedar atrás. A escola ten que ter en conta, ten que preparar ao alumnado no seu manexo e incrementar a capacidade de utilizalas partindo de todas as áreas curriculares.

Traballaremos tendo en conta as novas tecnoloxías en todas as áreas, xa que contamos cunha pizarra dixital a través da cal poderán ver, por exemplo, lecturas animadas, ademais de traballar no uso da aula virtual do centro, así como dos libros dixitais, búsqueda guiada en internet, iniciación en diferentes programas como word, correo electrónico...

Por outro lado este curso estamos levando a cabo un obradoiro de competencia dixital para mellorar a competencia dixital do alumnado levado a cabo polo mestre de educación física, Óscar González Figueiras.

16.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.-

Colaboraremos na revisión do plan de convivencia e a súa implementación. O obxecto prioritario deste curso é acadar un clima positivo nas aulas para mellorar a convivencia no centro empregando métodos de resolución pacífica de conflitos e medidas correctoras de carácter educativo e recuperador.

Neste curso os nenos e nenas irán aprendendo a convivir uns cos outros ao longo do ano. A convivencia é diaria xa que pasan moitas horas xuntos e terán que respectarse, cooperar, axudarse e aprender a coidar do seu material coma dos demais.

Faranse actividades na clase para que poñan en práctica ese respecto e convivencia.

17.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.-

Un recurso que deben ter en conta as e os profesionais da Educación, sexa cal sexa a súa especialidade é a biblioteca.

Pensando en combinala co uso das TIC, pode servir para afianzar contidos de todas as áreas. Tanto a biblioteca da aula como a do centro escolar facilitarán e proporcionarán a busca de información, o manexo de fontes bibliográficas, a consulta de diversos documentos e, o que é moi importante, a adquisición de hábitos habituais de lectura, favorecendo con esta medida a dedicación dun tempo diario a ela.

18.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.-

Organizar e coordinar as actividades encamiñadas ás celebracións de datas conmemorativas como:

- O Samaín.
- O Magosto.
- Día dos Dereitos do Neno.
- Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- O Nadal, festival e xantar de convivencia.
- Día da Paz e non Violencia Escolar.
- O Entroido: xoves de compadres, de comadres e festa do Entroido.
- Semana da Prensa.
- Día do Libro.
- Semana das Letras Galegas. Día Mundial do Medio Ambiente.

- Festa fin de curso.
- Días elixidos polo departamento de Voz Natura (exclusivos para 4º de primaria)

Todas estas actividades terán como eixe director o proxecto interdisciplinar do centro , no que participará todo o profesorado e alumnado do centro.

19.- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.-

Ao finalizar o curso, o mestre debe reflexionar acerca das seguintes cuestións:

- Logrei os meus obxectivos?
- Que grao de motivación observei nas actividades realizadas polos alumnos/as?
- Cales foron as actividades máis eficaces e porque?
- Que relación houbo entre o alumnado e o mestre e entre o propio alumnado?
- Cales foron as causas dos conflitos
- nas miñas clases ?

Respondendo a estas cuestións, poderemos planificar mellor a programación do seguinte ano co obxectivo de mellorar a nosa práctica docente e os resultados do noso alumnado.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 4º

EDUCACIÓN FÍSICA

1.-Introducción e contextualización

Esta programación está deseñada para ser aplicada no 4º curso de Educación Primaria do CEIP PLURILINGÜE de Monforte de Lemos (Lugo) durante o curso 2021-2022.

Neste primeiro curso hai matriculados un total de 36 alumnos/as repartidos en dous grupos de 18 e 18 alumnos/as cada un.

A área de Educación Física ten como finalidade principal a competencia motriz dos alumnos e das alumnas, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais e que permite que o alumnado supere os diferentes problemas motrices propostos tanto nas sesións de Educación Física como na súa vida cotiá; sempre de forma coherente e en concordancia co nivel de desenvolvemento psicomotor, prestando especial sensibilidade á atención a diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e sempre buscando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e os sentimentos vinculados á conduta motora fundamentalmente.

Na educación primaria, o alumnado explorará o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades motrices. Isto implica mobilizar toda unha serie de habilidades motrices, actitudes e valores en relación co corpo, en diversas situacións de ensino-aprendizaxe, nas cales a experiencia individual e colectiva permitan adaptar a conduta motriz a diferentes contornas.

Nesta etapa, as competencias adquiridas deben permitir comprender o seu corpo, as súas posibilidades e desenvolver as habilidades motrices básicas con complexidade crecente a medida que se progresa nos sucesivos cursos. As propias actividades axudarán ademais a desenvolver a relación cos

demais, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas en canto ás capacidades psicofísicas entre as nenas e os nenos, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual

A proposta curricular de Educación Física permitirá organizar as aprendizaxes do alumnado ao longo do paso polo sistema educativo, tendo en conta o seu nivel madurativo, a lóxica interna das diversas actividades e aqueles elementos que afectan de maneira transversal todos os bloques como son as capacidades físicas e coordinativas, os valores sociais e individuais e a educación para a saúde.

As propostas didácticas deben incorporar a reflexión e a análise do que acontece e a creación de estratexias para facilitar a transferencia de coñecementos a outras situacións.

2.-Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

A competencia motriz, que non está recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas, especialmente as competencias social e cívica, aprender a aprender, sentido de iniciativa e espírito emprendedor, conciencia e expresións culturais e matemática e científico tecnolóxica e, en menor medida, a competencia en comunicación lingüística e a competencia dixital.

O traballo por competencias integra un coñecemento de base conceptual, outro relativo ás destrezas e, por último, un con gran influencia social e cultural, que implica un conxunto de valores e actitudes.

Dende a nosa área de Educación Física, debemos incidir na adquisición por parte dos nosos alumnos/as das competencias básicas do xeito seguinte:

1) **Comunicación lingüística (CCL):** grazas á variedade de intercambios comunicativos que permite, a parte do vocabulario específico que achega.

- 2) **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** apreciación de distancias, traxectorias, velocidades, ocupacións do espazo, formación de figuras xeométricas, interpretación de símbolos... e aumento da percepción, exploración e coñecemento doutros medios, mellora da saúde e da calidade de vida...
- 3) **Competencia dixital (CD):** aprendendo a valorar criticamente as mensaxes referidas ao corpo, procedentes dos medios de información e de comunicación, e utilizando as TIC para achar información.
- 4) **Competencias sociais e cívicas (CSC):** busca común de obxectivos grupais, estratexias de cooperación, confianza nos demais, asúmense as regras do xogo, utilización do diálogo para solucionar conflitos...
- 5) **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** apreciando a parte artística de certas execucións motrices e entendendo algunhas manifestacións da motricidade humana como feitos culturais presentes en todas as culturas e civilizacións.
- 6) **Aprender a aprender (CAA):** por medio das actividades cooperativas, en que o grupo-clase ten que buscar a colaboración e as achegas de todas as persoas que o compoñen, favorecendo o diálogo, a busca, o consenso, o razoamento e a comprensión das ideas achegadas polas e polos demais.
- 7) **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** mellorando o coñecemento do seu propio corpo e do contorno ao estruturar o esquema corporal, así como a percepción do espazo e do tempo, de maneira que se gañe progresivamente autonomía e se fagan os movementos máis ricos e variados.

3.-Obxectivos

- a) Coñecer, aceptar e valorar o propio corpo e a actividade física como medio de exploración e de gozo das propias posibilidades motrices, de relación coas demais persoas e como recurso para organizar o tempo de lecer.
- b) Utilizar as propias capacidades motrices, habilidades e destrezas e o coñecemento que o alumnado posúe da estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación.

- c) Utilizar os recursos expresivos do corpo e do movemento de xeito estético e creativo, comunicando sensacións, emocións, ideas e estados de ánimo.
- d) Regular e dosificar o esforzo, asumindo un nivel de auto exixencia acorde coas posibilidades de cadaquén e coa natureza da tarefa que se está a realizar.
- e) Apreciar a actividade física para o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a si e cara ao resto das persoas e recoñecendo os efectos da actividade física, da hixiene corporal, da alimentación e dos hábitos posturais sobre a saúde e a calidade de vida.
- f) Participar en actividades físico-deportivas compartindo proxectos, establecendo relacións de cooperación para acadar obxectivos comúns, resolvendo por medio do diálogo os conflitos que poidan xurdir e evitando discriminacións por características persoais, de xénero, sociais e culturais.
- g) Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais, amosando unha actitude crítica, tanto desde a óptica de participante como desde a de público.
- h) Adquirir, elixir e aplicar principios e regras para resolver problemas motores e actuar de xeito eficaz e autónomo na práctica de actividades físicas, deportivas e artístico-expresivas.
- i) Coñecer e practicar xogos, deportes e/ou bailes tradicionais propios da cultura galega, amosando interese pola indagación neste eido e pola súa difusión e valorando as repercusións que teñen na nosa sociedade.

4.-Contidos

Os contidos están distribuídos en seis grandes bloques:

- Bloque 1. Contidos comúns.
- Bloque 2. O corpo: imaxe e percepción.
- Bloque 3. Habilidades motrices.
- Bloque 4. Actividades físicas artístico-expresivas.
- Bloque 5. Actividade física e saúde.
- Bloque 6. Os xogos e as actividades deportivas.

Esta agrupación non determina métodos concretos, responde a unha forma de organizar os contidos que deben ser abordados dunha maneira enlazada atendendo á configuración cíclica do ensino da área, construíndo uns contidos sobre os outros, como unha estrutura de relacións observables de forma que se facilite a súa comprensión e aplicación en contextos cada vez máis enriquecedores e complexos. Tampouco implica unha organización pechada, pola contra, permitirá organizar de diferentes maneiras os contidos, adoptando a metodoloxía máis axeitada ás características destes e do grupo de alumnos e alumnas.

Os contidos do bloque común, pola súa natureza transversal, traballaranse ao longo do curso en combinación cos contidos do resto dos bloques dado que trata aspectos como: os valores que teñen por referente o corpo, o movemento e a relación co contorno, a educación viaria, a resolución de conflitos mediante o diálogo e aceptación das regras establecidas, o desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo, as actitudes, a confianza, o uso adecuado dos materiais e espazos e a integración das tecnoloxías da información e comunicación.

Contidos de 4º Curso

BLOQUE1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA

- B1.1. Aceptación da propia realidade corporal.
- B1.2. Respecto das persoas que participan no xogo.

- B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.
- B1.4. Utilización guiada de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.
- B1.5 Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.
- B1.6. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.
- B1.7. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.
- B1.8. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas nas saídas polo contorno do colexio

BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

- B2.1. Aceptación da propia realidade corporal.
- B2.2. Confianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal.
- B2.3. Estrutura corporal. Identificación do propio corpo e das principais partes que interveñen no movemento.
- B2.4. Experimentación e exploración de posturas corporais diferentes.
- B2.5. Vivencia da relaxación global como estado de quietude e toma de conciencia da respiración.
- B2.6. Experimentación de situacións simples de equilibrio estático sobre bases estables.
- B2.7. Percepción espazo-temporal. Orientación do corpo e nocións topolóxicas básicas (dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/detrás, preto/lonxe...).
- B2.8. Recoñecemento da lateralidade e da dominancia lateral propia.
- B2.9. Posibilidades sensoriais (vista, oído, tacto). Experimentación, exploración e discriminación das sensacións.

BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES

- B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos.
- B3.2. Desenvolvemento e control da motricidade fina e a coordinación coordinación viso motora a través do manexo de obxectos.
- B3.3. Resolución de problemas motores sinxelos.
- B3.4. Acondicionamento físico xeral en situacións de xogo, especialmente mantemento e mellora da flexibilidade.

- B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.
- B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais.

BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS

- B4.1. Descubrimiento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento. Sincronización do movemento con estruturas rítmicas sinxelas.
- B4.2. Execución de bailes ou danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas culturas, seguindo o ritmo.
- B4.3. Imitación de personaxes, obxectos e situacións.
- B4.4. Participación en situacións que supoñan comunicación corporal.
- B4.5. Desinhibición na exteriorización de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.

BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

- B5.1. Identificación e práctica de hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física.
- B5.2. Relación da actividade física co benestar da persoa.
- B5.3. Mobilidade corporal orientada á saúde.
- B5.4. Respecto das normas de uso de materiais e espazos na práctica de actividade física para evitar accidentes.
- B5.5. Respecto ás persoas que participan no xogo.

BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

- B6.1. Descubrimiento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo.
- B6.2. Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo.
- B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento destas.
- B6.4. Confianza nas propias posibilidades na práctica dos xogos.

- B6.5. O xogo como actividade común a todas as culturas.
- B6.6. Coñecemento e práctica dalgúns xogos de Galicia.
- B6.7. Práctica de xogos libres e organizados.
- B6.8. Xogos de aire libre no parque ou en contornos naturais próximos ao colexio. Exploración e gozo da motricidade ao aire libre, respectando a natureza.

5.-Actividades

En primeiro termo cómpre dicir que as actividades variarán na súa dificultade e o nivel de esixencia, xa que traballaránse as mesmas para os dous niveis iniciais da etapa, pero adaptando estas tarefas ao nivel do alumno. O mellor xeito de facelo é variando a súa dificultade-intensidade, pero conservando as actividades xa que o que se plantexan son obxectivos, contidos e criterios de avaliación para todo o ciclo.

As actividades son a maneira activa e ordenada de levar a cabo as experiencias de aprendizaxe.

Nas sesións as actividades aparecerán secuenciadas do seguinte xeito:

- De animación: para activar ao alumnado ante o traballo que se vai desenvolver
- De logro de obxectivos: para traballar os contidos e acadar os obxectivos previstos
- De volta á calma: para devolver o corpo á situación anterior ao inicio da sesión

O uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Na medida do posible minimizarase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans. Coidarase especialmente do uso da máscara nos ximnasios ou polideportivos pechados con ventilación reducida

6.- TEMPORALIZACIÓN

Nº	TITULO DA UD	Temporalización	SESIÓN S	
1	Xogos de presentación	Setembro	1º Trimestre	4
2	Condición Física	Setembro Outubro		6
3	Xogos Populares	Outubro - Novembro		6
4	Deportes psicomotores 1	Novembro		6
5	Deportes psicomotores 2	Novembro – Decembro		8
6	Deportes de implemento 1	Xaneiro	2º Trimestre	6
7	Deportes de implemento 2	Xaneiro – Febreiro		6
8	Deportes sociomotores 1	Febreiro - Marzo		6
9	Deportes sociomotores 2	Marzo		6
10	Deportes alternativos	Abril	3º Trimestre	6
11	Expresión corporal	Maio		4
12	Primeiros Auxilios	Maio		2
13	Deportes de verán	Maio - Xuño		6

7.- Criterios de avaliación

Para facilitar a concreción curricular de Educación Física establécense unos criterios de avaliación que se concretizan nos estándares de aprendizaxe avaliáveis. Estes permitirán definir os resultados das aprendizaxes, e concretarán mediante accións o que alumnado debe saber e saber facer na área de Educación Física.

Estos estándares están graduados e secuenciados ao longo da etapa e, unha vez finalizada esta, deberán estar todos acadados e consolidados:

- B1.1. Opinar, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflictivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.
- B1.2. Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.
- B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás outras persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.
- B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas
- B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.
- B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.
- B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.
- B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas
- B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.
- B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde
- B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física
- B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades
- B6.2. Coñecer, a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.

B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.

B6.4 Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.

8.-Estandares de aprendizaxe avaliáveis

▪ EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.
▪ EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase.
▪ EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.
▪ EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.
▪ EFB1.1.5. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.
▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.
▪ EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.
▪ EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.
▪ EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.
▪ EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
▪ EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.

- EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.
- EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.
- EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.
- EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
- EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.
- EFB2.2.1. Recoñece os dous tipos de respiración.
- EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación a alturas variables.
- EFB2.2.3. Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural.
- EFB2.2.4. Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento, con e sen manipulación de distintos móbiles.
- EFB2.2.5. Mellora a súa eficacia nas repostas motrices ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles no tempo e no espazo.
- EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos e en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
- EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas sen perder o equilibrio e a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
- EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas aplicando os xestos e utilizando os segmentos dominantes.
- EFB3.1.4. Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos sen perder o equilibrio e a continuidade, tendo en conta dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.

- EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.
- EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos propostos no medio natural ou en contornos non habituais con certo nivel de incertezas.
- EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas e sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos.
- EFB4.1.2. Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.
- EFB4.1.3. Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.
- EFB4.1.4. Leva a cabo manifestacións artísticas en interacción cos compañeiros e compañeiras.
- EFB4.2.1. Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nas actividades artístico-expresivas.
- EFB4.2.2. Coñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.
- EFB5.1.1. Participa activamente nas actividades propostas para mellorar as capacidades físicas relacionándoas coa saúde.
- EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).
- EFB5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.
- EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados recoñecendo a súa importancia para saúde.
- EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma.
- EFB5.2.1. Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.
- EFB5.2.2. Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física, nel mesmo ou nun compañeiro ou compañeira.

▪ EFB5.2.3. Percibe e comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ás demandas da estrutura da clase de Educación física.
▪ EFB5.3.1. Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, sendo capaz de realizar o quecemento con certa autonomía.
▪ EFB6.1.1. Consolida o uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais.
▪ EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.
▪ EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas, características básicas entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.
▪ EFB6.2.2. Recoñece a orixe e a importancia dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.
▪ EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.
▪ EFB6.3.1. Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nos xogos e nas actividades deportivas.
▪ EFB6.3.2. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.
▪ EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.
▪ EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.

9.-Mínimos esixibles para o logro das competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Utilizar correctamente a linguaxe como ferramenta de comunicación oral

Empregar o diálogo para solucionar os conflitos que xorden en clase

Comprender as explicacións que recibe do mestre e dos compañeiros/as

Utilizar a linguaxe para comunicarse cos compañeiro/as durante o xogo colectivo

Respectar as opinión dos demais, non interrompir e pedir a palabra

Competencia matemática

Apreciar correctamente as distancias e traxectorias nas habilidades manipulativas

Utilizar correctamente o espazo e dominar cuestión de dispersión e agrupamento

Ter un desenvolvemento perceptivo adecuado á súa idade

Levar a cabo medidas de coidado do corpo

Utilizar a actividade física como medio para mellorar a saúde e a calidade de vida

Competencia dixital

Valorar criticamente as mensaxes referidas ao corpo rxeitando os estereotipos

Seleccionar e diferenciar a información importante da que non o é

Amosar un dominio básico de diferentes linguaxes (icónica, visual, sonora...)

Competencia social e cidadá

Colaborar cos compañeiros nas actividades grupais

Asumir os diferentes papeis dentro do equipo e respectar as normas do xogo

Compartir o éxito e o fracaso en grupo

Entender e respectar a importancia do xogo limpo

Evitar a rexeitar a discriminación por razón de xénero, raza, sociais, crenzas...

Competencia cultural e artística

Apreciar a parte artística de certas execucións motrices

Respectar as diferentes culturas e pensamentos

Competencia para aprender a aprender

Buscar a colaboración dos compañeiros para solucionar problemas cooperativos

Desenvolver estratexias para responder aos obxectivos propostos

Autonomía e Iniciativa persoal

Ter un adecuado desenvolvemento do esquema corporal e aceptar o seu corpo

Presentar unha autoestima positiva

Amosar interese e predisposición por realizar as actividades plantexadas na clase

10.-Procedementos de avaliación

Tras unha avaliación inicial utilizaremos a avaliación continua para valorar o rendemento do alumnado. Para elo faremos uso de probas obxectivas referidas a medición do progreso das distintas capacidades físicas. Tamén se valorará o traballo día a día nas clases de educación Física.

A avaliación ten como obxectivo valorar e medir o grado de desenrolo do alumnado. Sérvenos como dato de referencia que reflexa a aprendizaxe. Ten que ser que ser por un lado subxetiva, que depende do xuício do mestre. Polo outro, obxectiva dado que resulta da aplicacións de procedementos, instrumentos, test, etc. Desta maneira resulta unha avaliación xusta e acertada xa que o rendemento do alumnado con cifras (tempos, distancias, medidas, etc), visto baixo o xuício de quen coñece aos alumnos: o profesor. Éste observará persoalmente os aspectos como asistencia, interés, colaboración, compañerismo...

Ao principio de cada curso escolar realizarase unha avaliación inicial que permita coñecer a madurez dos nenos/as en todos os aspectos. Ao longo do curso, unha avaliación continua, mediante probas periódicas, que materialice a situación dese momento e, si resulta necesario, introducir modificacións. Ao terminar o curso, unha avaliación final, que conxuntamente coas anteriores realizadas testimonie o nivel alcanzado polo alumnado.

Non hai que olvidar a autoavaliación e autocrítica do propio alumno/a sobre aquilo que se está realizando.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos seguintes: insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB). Considerarase negativa o insuficiente e positivas as restantes.

O porcentaxe en que se valora este sistema de calificación é o seguinte:

40%: traballo e esforzo na clase de Educación Física

30%: actitudes motrices propias da Educación Física

20%: disciplina e respecto polos valores propios da Educación

10%: implicación do alumnado con actividades relacionadas co deporte e ca actividade física

11.-Instrumentos de avaliación

En canto aos instrumentos de avaliación, utilizaremos fundamentalmente técnicas cualitativas, entre as que destacamos:

- Rexistro anecdótico: consiste nun caderno no que o mestre/a anota todo o que considere relevante do que acontece ao longo das sesións.
- Lista de control: consiste nunha táboa na que se marcan unha serie de ítems e o mestre anota SI ou NON conforme o alumno/a realiza correctamente o indicado en cada ítem.
- Escala: tamén consiste nunha táboa na que se marcan uns ítems, pero en lugar de valorar a realización ou non realización do ítem, márcase unha escala numérica (por exemplo de 1 a 5) e o mestre/a realiza unha valoración en función do observado.

Ademais dos mencionados, utilizaremos unha ficha de avaliación diaria, na que figurará o nome de cada un dos alumnos/as e, mediante unha serie de ítems elaborados polo profesor, iremos marcando diariamente o seu traballo diario. Nestes ítems, reflectiremos condutas tanto positivas (colaborar cos compañeiros/as, esforzarse nas actividades, respectar o material, manter hábitos saudables, respectar as normas...) como negativas (non aceptar o rol que lle corresponde, inactividade nas sesións, desprezo polo material, mal comportamento...).

12.-Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial

Podemos atender aos seguintes aspectos a valorar, nunha avaliación inicial de Educación Física:

- Valorar o grao de coñecemento que o neno/a posúe do seu corpo, en relación aos seus diferentes segmentos e zonas corporais
- Indagar sobre os xogos coñecidos e practicados polo alumnado
- Valorar o grao de desenvolvemento da lateralidad
- Coñecer os diferentes entornos que coñecen para a práctica lúdico motora
- Valorar o grao de desenvolvemento das cualidades perceptivo motrices (coordinación e equilibrio) así como o nivel de desenvolvemento das habilidades motrices básicas
- Valorar se o neno se implica na participación de xogos e actividades
- Coñecer os coñecementos previos acerca de hábitos saudables relacionados coa actividade física: hixiena, postura, alimentación, seguridade e descanso
- Valorar se o neno coñece normas para manter o seu corpo nun optimo estado de saúde
- Observar a capacidade expresiva do neno a través do seu corpo e movemento.
- Indagar sobre que é para eles a Educación Física e que esperan conseguir nas clases
- Coñecer normas ou pautas básicas de comportamento para o área de Educación Física, en relación aos compañeiros, ao material, á realización de actividades, á resolución dialogada de conflitos, etc.
- Observar o nivel de socialización do alumnado, respecto as opinións dos demais, respecto aos turnos de palabra, respecto ás normas, etc.
- Apreciar o grao de coñecemento das súas posibilidades e limitacións propias

13.-Actividades de recuperación e reforzos para lograr a dita recuperación

Na Educación Primaria, na que o alumnado pola súa idade e difícil que amose desinterés por la materia de Educación Física, non é tan importante como noutras materias ter preparado un programa de reforzo. Entre outras cousas porque trataríase de casos muy particulares os que, a vista da súa problemática, habería que adaptar un traballo específico. Non obstante facemos as seguintes indicacións:

- Favorecer que os alumnos desenvolvan as mesmas capacidades dos obxectivos xerais da etapa seguindo camiños diferentes.
- Seguir un modelo aberto e flexible de elaboración do currículo que permita realizar adaptacións que flexibilicen as condicións do proceso de ensino para posibilitar a aprendizaxe de cada alumno.
- Organizar os recursos persoais e materiais dirixidos aos alumnos con necesidades educativas.
- Adaptarse ás características específicas dos alumnos do centro. Froito da observación sistemática, podemos prever, en determinados alumnos, comportamentos que sexan consecuencia do contorno socio-económico da zona na que se sitúe o centro.

14.-Metodoloxía didáctica, considerando as competencias clave como elemento organizador

O recurso metodolóxico que vai predominar nas nosas sesións será **O XOGO**, xa que o consideramos como un importante recurso metodolóxico moi adecuado para traballar en primaria e favorecer aprendizaxes significativas, debido ao seu compoñente lúdico e motivacional.

A Educación Física ao longo da educación primaria ten no xogo o máis importante recurso como situación de aprendizaxe e ferramenta didáctica polo seu carácter motivador. Debemos destacar os xogos tradicionais galegos que xunto coas danzas e bailes propias de Galicia, supoñen un elemento importante de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural ademais de fomentar as relación interxeracionais.

Establécense unha serie de orientacións metodolóxicas para a área que favorecerán un enfoque competencial, así como a consecución, consolidación e integración dos diferentes estándares por parte do alumnado:

- A Educación física nesta etapa terá un carácter eminentemente global e lúdico, ata o punto de converter o xogo no contexto ideal para a maioría das aprendizaxes.
- A selección dos contidos e as metodoloxías activas e contextualizadas deben asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo de toda a etapa.

- As estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.
- profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas, o traballo por retos ou a cooperación.
- Deberá buscarse a implicación das familias como un factor clave para facer dos nosos alumnos e alumnas suxeitos activos na xestión da súa saúde e na adquisición de hábitos de vida saudable. Finalmente, é necesaria unha axeitada coordinación entre o persoal docente sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos deben formular con criterios consensuados unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas.

No caso de ter que pasar a unha modalidade de ensino a distancia, empregaremos a aula virtual do centro para continuar desenvolvendo a materia.

15.-Materiais e recursos didácticos

Os recursos materiais cos que contamos para desenvolver as nosas sesións de educación física variados e polo xeral se atopan en bo estado. Podemos citar algúns como: balóns de voleibol, valas altas, combas, pelotas de plástico, raquetas de bádminton, conos chinos, sacos, bolos, mesa de pingpong, bloques de espuma, indiacas, conos, balóns de fútbol, diábolos, sticks de hoquei, zancos altos, palas, bolas de hoquei, aros de distintos tamaños, raquetas de pingpong, colchonetas, volantes, fresbee, balóns de baloncesto, balóns de balonmano...

En canto as instalacións, contamos con:

- Pista polideportiva cuberta de 40mx20m
- Ximnasio cuberto de 18mx9m con espaldeiras, espello e con
- Zona exterior de xogos



material de psicomotricidade

O alumnado deberá traer tamén unha botella de agua, unha toalla de intensidade das actividades o requira, se lle permitirá beber ao súa zona marcada previamente.

man, e un bote de xel hidroalcolico. Cando a alumnado, para o que deberá colocarse na

4º				
11	12	13	14	15
6	7	8	9	10
1	2	3	4	5

O material que sexa compartido, debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo.

Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material.

O uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Na medida do posible minimizarase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans. Coidarase especialmente do uso da máscara nos ximnacios ou polideportivos pechados con ventilación reducida

16.-Medidas de atención á diversidade

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) ou altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso adecuado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Segundo o Preámbulo da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación, a adecuada resposta educativa a todo o alumnado se concibe a partir do principio de INCLUSIÓN, entendendo que unicamente dese xeito se garantiza o desenvolvemento de todos, se favorece a equidade e se contribúe a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos. É dicir, trátase de contemplar a diversidade do alumnado como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á atención á diversidade. Por medio da educación física desenvólvense interaccións co resto de persoas, o que favorece as relacións construtivas, o respecto, a aceptación, a cooperación, a autonomía, a participación, o sentido crítico e o logro de obxectivos comúns, propiciados polas múltiples e variadas agrupacións que se poden formar.

Igualmente, en educación física débese incidir na coeducación e na igualdade de oportunidades entre ambos os sexos. As actividades propostas atenderán do mesmo xeito os nenos e as nenas, integrando todas as persoas participantes indistintamente para poder acadar os obxectivos. O profesorado deberá equilibrar as actividades e materiais de xeito que non predomine ningún estereotipo e seleccionar aqueles que contribúan á participación equilibrada e motivada de nenos e de nenas.

Outro aspecto que hai que ter en conta para favorecer a igualdade entre os sexos son as expectativas que o profesorado ten con respecto ás nenas e aos nenos, así como as expresións que se utilicen para favorecer as súas execucións e os resultados.

17.-Programación da educación en valores

Segundo o Decreto 105/2014 de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia os centros docentes incluírán no seu proxecto educativo a educación en valores:

- Educación moral e cívica:** É o eixo referencial en torno ao cal artículase a educación en valores xa que as súas dúas dimensións engloban o conxunto dos trazos básicos do modelo de persoa que participa activamente para solucionar os problemas sociais.
- Educación para a paz:** mediante a creación de actividades que estimulen o diálogo como vía privilexiada na resolución de conflitos entre persoas ou grupos sociais.
- Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos:** A constitución española comeza co dereito á igualdade sen distinción de sexos, razas ou crenzas. Con todo, unha parte da sociedade segue sendo machista, racista e intolerante, polo que se fai imprescindible transmitir ao alumnado este dereito da humanidade.
- Educación ambiental:** os alumnos deben comprender os problemas ambientais que están degradando o noso medio e participar solidariamente no seu coidado.
- Educación para a saúde e calidade de vida:** na escola debemos inculcar hábitos de hixiene física, mental e social que desenvolvan a autoestima e melloren a calidade de vida.

- **Educación para o lecer:** Debemos ofrecer ao alumnado unha alternativa para utilizar o seu tempo de lecer de forma positiva, realizando actividades físicas.
- **Educación do consumidor:** É necesario dotar aos alumnos de instrumentos de análises cara ao exceso de consumo de produtos innecesarios.
- **Educación viaria:** O coñecemento e a utilización da vía pública é dunha gran importancia polo que a súa educación ten que comezar na escola.

18.-Accións de contribución ao proxecto lector

Debido ás características da área de Educación Física, e ao pouco tempo semanal de que dispoñemos no horario dos nenos, non propoñemos actividades de lectura dentro do noso horario, posto que preferimos adicar as dúas horas semanais que temos de docencia para realizar actividades eminentemente físicas no pavillón e no ximnasio.

Sen embargo, consideramos de grande importancia colaborar na adquisición de hábitos de lectura nos nosos alumnos/as, e somos conscientes de que ese traballo debe realizar coa colaboración de todo o profesorado do centro.

O traballo que realizaremos dende o área de Educación Física, relacionado co proxecto lector será basicamente motivacional, animando aos nenos/as que lean acerca de temas relacionados co área de educación física, como noticias de xornais, ou temas de actualidade, que comentaremos no aula durante as sesións.

Do mesmo xeito, tamén participamos na “hora de ler” que se desenvolve no noso centro, no que todos os nenos teñen un tempo diaria para adicar á lectura.

19.-Accións de contribución ao plan TIC

As TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación) están a adquirir unha relevancia cada vez maior na nosa sociedade. Avanzan a pasos axigantados, polo que cómpre estar constantemente actualizándose para non quedar atrás. A escola ten que ter en conta, ten que preparar ao alumnado no seu manexo e incrementar a capacidade de utilizalas partindo de todas as áreas curriculares.

Desde a Educación Física pódese recorrer nalgún momento á navegación por Internet e visualización de documentos audiovisuais... Non quere dicir que semanalmente ou quincenalmente o profesorado teña que utilizar o ordenador, a aula de informática ou ver unha proxección sobre algún aspecto específico da área, senón que, cando sexa preciso e as condicións docentes así o requiran, pode facelo.

20.-Accións de contribución ao plan de convivencia

Non existe outra área curricular que permita un maior número de situacións didácticas onde o alumnado deba interactuar cos demais. A Educación Física, polo entorno en que se desenvolve e a propia dinámica das clases, a fan propicia para a educación en habilidades sociais, cando a intervención educativa incide neste aspecto.

Por isto, a dinámica dos grupos na realización das tarefas debe ser variada, e dicir, que permita distintos tipos de agrupamentos: parellas, tríos, cuartetos, pequenos grupos, gran grupo...

Dado que o cambio de actividade nas nosas clases é constante, tanto para evitar a fatiga como o aburrimiento, como para manter a atención e a motivación, a principal característica dos agrupamentos debe ser a variedade.

As actividades físicas, e en especial as que se realizan colectivamente, son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración e o respecto, á vez que contribúen ao desenvolvemento da cooperación e a solidariedade.

Por outra banda, a educación física axuda a aprender a convivir, fundamentalmente no que se refire á elaboración e aceptación de regras para o funcionamento colectivo, dende o respecto á autonomía personal, á participación y a valoración da diversidade

21.-Accións de contribución ao proxecto lingüístico

Un recurso que deben ter en conta as e os profesionais da Educación Física é a biblioteca. Pensando en combinala co uso das TIC, pode servir para afianzar contidos propios da área. Tanto a biblioteca da aula como a do centro escolar facilitarán e proporcionarán a busca de información, o manexo de fontes bibliográficas, a consulta de diversos documentos e, o que é moi importante, a adquisición de hábitos habituais de lectura, favorecendo con esta medida a dedicación dun tempo diario a ela.

22.-Actividades complementarias e extraescolares

Neste centro organízanse actividades deportivas de competición interna e externa. O profesor de Educación Física dá unha especial importancia á participación neste tipo de eventos, xa que o deporte favorece o desenvolvemento integral do alumnado polo que en todo momento tenta motivar ao seu alumnado para que participe nestas actividades.

Neste curso 2020-2021 participaremos no programa “Pequevoley”, organizado pola Federación Española de Voleibol, así como no programa Xogade, coa creación de 4 equipos de voleibol que competirán na liga escolar da zona Val de Lemos.

23.-Procedementos para avaliar a propia programación

Ao finalizar o curso, o mestre debe reflexionar acerca das seguintes cuestións:

¿Qué obxectivos logrei e en que grao?

¿Qué grao de motivación observei nas actividades realizadas polos alumnos/as?

¿Cales foron as actividades máis eficaces e por qué?

¿Qué clima se mantivo nas miñas clases e qué relación houbo entre o alumnado e o mestre?

¿Cales foron as causas dos conflitos surtidos nas miñas clases e como se poden evitar?

A partir da reflexión acerca destas cuestións, poderemos planificar mellor a programación do seguinte ano co obxectivo de mellorar a nosa práctica docente.

ÍNDICE

1. Introducción e contexto.
2. Vinculación entre obxectivos, secuencias e distribución temporal de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.
3. Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave. Materiais e recursos didácticos.
4. Procedemento para a avaliación inicial.
5. Procedemento de avaliación continua.
6. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
7. Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.
8. Adaptacións personalizadas da programación á realidade derivada pola pandemia Covid-19.

1. Introducción e contexto:

O noso centro está situado no centro urbano de Monforte de Lemos, e a súa poboación oscila arredor de 20.000 habitantes, incluíndo os núcleos rurais, pertencentes ó Concello. A cidade de Monforte conta cunha Biblioteca Municipal, unha Casa da Cultura onde se ofrece todo tipo de actividades culturais, multiusos, Conservatorio de música, centro comarcal, escola de idiomas, Hospital comarcal, pista de atletismo, 1 piscina cuberta, pistas de tenis, , 1 centro de educación especial, 1 centro de saúde, 1 centro de drogodependencia e planificación familiar, estación de ferrocarril e autobús, residencia da terceira idade. Existen en Monforte asociacións culturais-recreativas de carácter privado nas que se ofrecen cursos para asociados e non asociados de inglés, pintura, solfexo, piano, etc. Con todos estes recursos culturais podería parecer que Monforte é unha cidade ben dotada para a cultura, pero analizando a situación dámonos conta que todos estes servizos están infrautilizados, é dicir, que o interese e a asistencia ós diferentes actos culturais que se ofertan é escasa. Nas persoas maiores o nivel medio de estudos é o de estudos primarios e a xente máis nova o de bacharelato, cun número importante de universitarios e que maioritariamente abandonan a cidade na busca de mellores perspectivas de traballo.

Monforte é unha cidade de servizos. É cabeza dunha bisbarra que está sufrindo unha importante crise económica. As familias dos nosos alumnos pertencen, na súa maioría ó sector de servizos tendo no centro unha porcentaxe moi ampla de alumnado migrante marroquí, subsahariano e suramericano, chegando na súa maioría cun nivel de estudos moi baixo e algúns sen coñecer o idioma. Ó sector secundario pertencen moi poucas, debido fundamentalmente a que na nosa cidade a industria está pouco desenvolvida e por viviren a maioría ó núcleo urbano, pertencen ó sector primario moi poucos. Por todo o anterior cremos que as familias dos nosos alumnos están dentro dunha clase social media e media-baixa.

As familias, ó pertencer na súa gran maioría, á cidade de Monforte, teñen unhas características socio-culturais moi semellantes ás descritas ao falar do entorno.

- No posible caso de ensino non presencial empregárase a PLATAFORMA EVA-EDIXGAL para impartir as clases sen detrimento do emprego doutras ferramentas telemáticas (aula virtual do centro, videoconferencias, webs dinámicas, correo electrónico, espazo abalar ...)

Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave. Materiais e recursos didácticos.

A metodoloxía que se vai empregar procurará unha aprendizaxe significativa, dándolle ao labor didáctico un enfoque globalizador, e na medida das posibilidades lúdico e motivador. Poñeremos especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais. Promoveremos un enfoque interdisciplinar das materias e unha aprendizaxe activa, na que o alumno sexa quen de construír a súa propia aprendizaxe, que se desenvolverá nun ambiente que promoverá o traballo cooperativo, fomentando a aprendizaxe entre iguais. O desenvolvemento de proxectos en torno as materias de estudo serán promovidos como elementos enriquecedores e altamente motivadores e por ser o xeito de afianzar as competencias clave. Se tentará que as tarefas que se desenvolvan vaian orientadas á resolución de problemas da vida real

Na medida das posibilidades se empregarán recursos da rede e as achegas que as TIC fan ao mundo escolar, conscientes de que ese será o mundo no que se moverán os nosos alumnos. Daquela tentaremos desenvolver un espírito crítico con respecto delas, explotando as súas posibilidades pero facendo un uso axeitado e seguro das mesmas. Atenderemos aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado, e promoveremos unha educación inclusiva. A lectura e a súa promoción terá un tratamento específico dentro da aula.

Procedemento para a avaliación inicial.

Como primeiro paso se analizarán as actas finais do curso anterior do grupo de alumnos e os informes individualizados dos mesmos. A comezo do curso se realizarán probas no marco da primeira quincena de clases, durante o mes de setembro, para avaliar o estado dos coñecementos do alumnado e marcarnos o punto de partida do noso traballo. Estas probas se farán tendo en conta os estándares do curso anterior. Os instrumentos de avaliación serán fundamentalmente listaxes de control e listas de verificación, e a análise da actividade desenvolvida na aula. Recollidos os datos da avaliación inicial se determinarán aqueles estándares que requiran dun tratamento máis intenso de cara a garantir un aproveitamento axeitado do curso.

Procedemento de avaliación continua.

Como se desprende dos instrumentos de avaliación que se mostran na programación do curso, a avaliación que se vai desenvolver é fundamentalmente a observación das realizacións do alumnado no desenvolvemento normal da clase, ao través da análise das súas producións, do seu caderno de clase... Tamén se empregarán rúbricas, listas de observación e de verificación para valorar a actividade que desenvolva nas propostas de traballo que se fagan na aula. Durante o curso se realizarán 3 avaliacións correspondentes aos tres trimestres do ano académico, nas que se valorará a adquisición das competencias clave e o nivel de logro. Nas sesións de avaliación se tomarán medidas para o reforzo educativo daqueles alumnos/as que non acaden un desempeño axeitado.

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Empregaremos ao remate do proceso a seguinte táboa para valorar o proceso de ensino e a práctica docente:

	1	2	3	4
Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos				
Motivo aos meus alumnos comunicándolles os obxectivos que quero acadar e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos.				
Relaciono os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade e creando expectativas				
Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno e que teña en conta os seus intereses				
Propoño actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma				
Cando comezamos unha actividade nova os alumnos coñecen os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar e como se lles vai avaliar.				
As actividades que propoño están relacionadas con situacións da vida real				
En función das características de cada alumno suscito tarefas e logros diferentes				
Propoño metodoloxías diversas				

Tamén valoraremos aspectos organizativos sobre o emprego de materiais e distribución do grupo clase

Como organizo o grupo clase (expresado en porcentaxe de tempo)		%
	Traballo individual	
	Parellas	
	Pequeno grupo	
	Gran grupo	
Emprego recursos e materiais variados para a aprendizaxe		
Dou pautas de actuación ás familias para que traballen na casa consonte a metodoloxía seguida na clase.		

Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

Valoraremos a adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación á realidade do alumnado. Comprobaremos se as avaliacións das materias inclúen o grao de desenvolvemento das competencias básicas, se a metodoloxía empregada é coherente cos obxectivos previstos, se se aplicaron as medidas de atención á diversidade de forma axeitada, e se as aprendizaxes do alumnado con relación ao previsto están axustadas. Comprobaremos se o grao de desenvolvemento das programacións docentes foi suficiente e se a coordinación entre o profesorado se considera que cumpre as expectativas iniciais. Con todos estes datos poderemos avaliar globalmente todo o proceso Para valorarmos a nosa propia programación e acometer as reformas necesarias co fin de melloralas, usaremos como ferramenta esta lista de valoración:

Aspectos da revisión, avaliación e modificación da programación	1	2	3	4
Organizáronse os estándares en relación ás distintas unidades de programación.				
Definíronse axeitadamente os indicadores de logro dos estándares.				
Determináronse os estándares imprescindibles				
Están correctamente asociados estándares, instrumentos de avaliación e indicadores de logro.				
Deseñouse a avaliación inicial e definiuse que facer cos seus resultados				
Medidas de atención á diversidade: Tívoise en conta medidas xerais de intervención educativa				
Medidas de atención á diversidade: Contempláronse medidas para alumnado con neae				
Medidas de atención á diversidade: Fixéronse ACs no caso de estar autorizada				
Medidas de atención á diversidade: Atendeuse axeitadamente ao alumnado con sobredotación				

Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación vinculados aos estándares				
Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.				
Hai estratexias de promoción da lectura e da escritura				
Hai estratexias para inserir as TIC no proceso de ensino				
Aplicase a metodoloxía didáctica acordada.				
As tarefas están vinculadas a situacións reais, significativas e motivadoras para o alumnado				
Cada instrumento de avaliación se relaciona cos estándares de aprendizaxe.				
Hai procedementos e instrumentos de avaliación variados				
Os estándares imprescindibles están identificados				
Hai información de abonda ás familias e ao alumnado de estándares imprescindibles, criterios de cualificación				
Análise dos resultados das avaliacións individualizadas				
Coordinación entre o equipo didáctico				
Coordinación do profesorado a nivel vertical: outros cursos e etapas				
Tratamento preciso dos temas transversais				
Actividades extraescolares e complementarias				

Adaptacións personalizadas da programación á realidade derivada pola pandemia Covid-19

- Partirase o ensino da música tendo en conta os informes individualizados do alumnado feitos a finais do curso pasado adaptando o ensino á súa realidade.
- Faranse avaliacións iniciais de contidos adquiridos no curso pasado para detectar as dificultades neste novo curso.
- Como o protocolo non permite ocupar sitios diferentes ao alumnado a clase de música impartirase na aula de titoría de cada curso coa dificultade que supón adaptarse a aulas non axeitadas para impartir esta materia. O ensino-aprendizaxe en música pasará a ser máis teórico pero empregando ferramentas TIC para facer máis dinámica e atractiva a clase.
- Os bloques 2 e 3 de interpretación musical e movemento e danza veranse afectados pola aplicación do protocolo de non poder tocar instrumentos sen poder desinfectalos a continuación, non recomendación de tocar instrumentos de vento (fruta) e as limitacións de movemento e contacto para a danza e movemento.
- No posible caso de ensino non presencial empregarase a aula virtual do centro para impartir as clases sen detrimento do emprego doutras ferramentas telemáticas (videoconferencias, webs dinámicas, correo electrónico, espazo abalar ...)

PROGRAMACIÓN RELIXIÓN CATÓLICA 4º DE PRIMARIA

Contenido	
<u>NORMATIVA</u>	156
<u>INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</u>	156
<u>OBXECTIVOS</u>	159
<u>COMPETENCIAS CLAVE</u>	161
<u>VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVE, ELEMENTOS TRANSVERSAIS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</u>	168
<u>Obxectivos propostos e accións para acadalos</u>	168
<u>Bloques Temáticos</u>	168
<u>Contidos transversais</u>	169
<u>Competencias clave. Temas transversais. Estándares de aprendizaxe. Rúbricas. Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación.</u>	171
<u>Secuenciación e temporalización de contidos. Vinculación entre Contidos, Criterios de avaliación, Estándares de aprendizaxe, Competencias Clave e Instrumentos de avaliación.</u>	172
<u>Plan de adecuación da secuenciación de contidos en sistema non presencial</u>	173
<u>Metodoloxía de traballo no caso de ensino a distancia.</u>	174
<u>Distribución anual das Unidades Didácticas.</u>	175
<u>METODOLOXÍA DIDÁCTICA. EXTRATEXIAS PARA ACADAR OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.</u>	177
<u>Orientacións Metodolóxicas:</u>	177

<u>Secuenciación habitual do traballo na aula</u>	177
<u>MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS</u>	178
<u>AVALIACIÓN</u>	180
<u>Procedementos para a avaliación inicial</u>	180
<u>Procedementos de avaliación continua e final</u>	180
<u>Procedementos e instrumentos para a avaliación</u>	180
<u>Criterios de cualificación</u>	182
<u>Indicadores de avaliación</u>	182
<u>Recuperación</u>	183
<u>INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE</u>	184
<u>INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA</u>	186
<u>ATENCIÓN A DIVERSIDADE</u>	188
<u>ACCIONS DE CONTRIBUCIÓN AOS PROXECTOS DO CENTRO (TICS, PROXECTO LECTOR, PROXECTO LINGÜÍSTICO E PLAN DE CONVIVENCIA)</u>	188
<u>Incorporación e consolidación das tic</u>	188
<u>Accións de contribución ao proxecto lector do centro</u>	188
<u>Accións de contribución ao proxecto lingüístico do centro</u>	189
<u>Accións de contribución ao plan de convivencia do centro</u>	189
<u>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</u>	190
<u>MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESUSLTADOS E PROCESOS DE MELLORA</u>	193
<u>Periodicidade con que se revisará a programación didáctica</u>	193
<u>Indicadores de avaliación da programación</u>	193
<u>MEDIDAS PARA INFORMAR A FAMILIAS E ALUMNADO</u>	194

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA (4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA)

NORMATIVA

A presente programación foi elaborada por M^a Sol Sánchez para ser levada a cabo no 1º Nivel de Educación Primaria no CEIP Plurilingüe de Monforte de Lemos, seguindo os seguintes documentos:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).
- *DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.* Atendendo a este decreto “as concrecións curriculares para os distintos bloques de disciplinas, recollidas nos anexos I, II e III, constrúense a partir dos criterios de avaliación, ligándoos cos demais compoñentes de cada área. Os criterios de avaliación relaciónanse directamente cos estándares de aprendizaxe avaliábeis, que non son máis que concrecións dos propios criterios, e eses estándares conéctanse coas competencias clave. Por outra banda, os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr en cada disciplina, e, neste sentido, os contidos non son máis que os medios para acadalos.”
- *Resolución de 11 de febreiro de 2015 da Dirección General de Evaluación y Cooperación Territorial*, pola que se publica o currículo da ensinanza de Relixión Católica da Educación Primaria e da Educación Secundaria Obrigatoria. (BOE 24/02/2015)
- Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-21 (versión 22-07-2020)

Nota: En **vermello** medidas e aspectos relacionados coa adaptación da programación a situación actual marcada polo covid-19 en consonancia co protocolo de adaptación do 22-07-2020.

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de relixión ten unha especial importancia dentro da educación para que o alumnado poida conseguir un desenvolvemento pleno e integral da súa personalidade.

A necesidade de sentido do ser humano é unha evidencia á que a escola necesariamente debe dar resposta. A educación da dimensión relixiosa é parte fundamental para a maduración da persoa. Non podería existir unha formación integral e, por tanto, unha educación de calidade, se non se permitise o desenvolvemento de todas as dimensións inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa a relixiosa. Esta capacidade básica da persoa adquire o seu auténtico cumprimento cando se descobre o sentido da vida.

O ensino da relixión católica nos centros escolares axudará aos estudantes para alargar os espazos da racionalidade e adoptar unha actitude de apertura ao sentido relixioso da vida, sexa cal for a súa manifestación concreta.

O ensino da relixión católica na escola responde á necesidade de respectar e ter en conta o conxunto de valores e significados nos que a persoa naceu como hipótese explicativa da realidade e que se denomina tradición. Para iso, a relixión católica pretende contribuír á educación integral do estudante en dúas direccións. Por unha banda, responde á dimensión relixiosa de todo ser humano e, por outra, introducéo na realidade á luz dunha hipótese ofrecida por unha historia e unha tradición. Deste xeito, promóvese o recoñecemento dun sentido da existencia dunha maneira coherente co propio desenvolvemento psico-evolutivo do alumnado.

Parte da experiencia humana desenvólvese de maneira respectuosa coas etapas do desenvolvemento infantil e adolescente, colaborando, neste sentido, coas aprendizaxes instrumentais e transversais propios de cada etapa educativa.

Estrutúrase en catro grandes bloques que pretenden recoller o saber antropolóxico cristián acumulado ao longo dos séculos. Eses bloques parten do sentido relixioso do home, continúan co estudo da revelación; Deus maniféstase ao home e fai nunha historia concreta, con personaxes e situacións que o alumnado debe coñecer e que contribuírán á súa comprensión do mundo. Dita revelación culmina en Xesucristo e a mensaxe evanxélico, centro do terceiro bloque e eixo vertebrador da materia. Por último, estúdase a Igrexa como manifestación da presenza continuada de Xesucristo na historia. Convén subliñar que o ensino da relixión católica ilustra aos estudantes sobre a identidade do cristianismo e a vida cristiá.

Estes catro bloques que compón a materia de relixión católica inclúen conceptos, procedementos(observación da realidade, procura de información, reflexión crítica, exposición e argumentación respectuosa das crenzas relixiosas propias e alleas) e actitudes (coñecer e apreciar os valores e normas básicas de convivencia; desenvolver hábitos de traballo e esforzo e de responsabilidade no estudo; a confianza en si mesmo para un desenvolvemento adecuado da personalidade. Tamén favorece de maneira directa a adquisición de habilidades para a prevención e resolución pacífica de todo tipo de conflitos e o coñecemento, comprensión e respecto das diferentes culturas, así como das diferenzas entre persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación). Polo tanto permite o coñecemento de si mesmo, da realidade e dos problemas que esta expón. É por iso que os contidos xerais da materia contribúen á consecución dos obxectivos propostos para esta etapa.

Por outra banda, debido ao problema sanitario polo que estamos a pasar (Covid19) e o protocolo escolar polo que debemos rexernos, a inclusión da **educación en valores** que se establece no Decreto 105/2014 de 4 de setembro e, sempre inherente a esta materia, vese reforzada, especialmente no referente á *Educación para saúde e a calidade de vida*, que neste momento nos obriga a modificar o modo de comunicarnos e de relacionarnos. Un cambio nas formas pero non na esencia marcada pola solidariedade, o amor e o respecto aos demais que nos esixe día a día actuar “con sentidiño” en pro da saúde propia e allea, do dereito a vida dos máis vulnerables,.. e dun modo de vida de seminormalidade lonxe do confinamento vivido.

Polo tanto, este ano máis que nunca, debe estar presente a educación en valores:

- **Educación moral e cívica:** É o eixo referencial en torno ao cal artículase a educación en valores xa que as súas dúas dimensións engloban o conxunto dos trazos básicos do modelo de persoa que participa activamente para solucionar os problemas sociais.
- **Educación para a paz:** mediante a creación de actividades que estimulen o diálogo como vía privilexiada na resolución de conflitos entre persoas ou grupos sociais.
- **Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos:** A constitución española comeza co dereito á igualdade sen distinción de sexos, razas ou crenzas. Con todo, unha parte da sociedade segue sendo machista, racista e intolerante, polo que se fai imprescindible transmitir ao alumnado este dereito da humanidade.

- **Educación ambiental:** o alumnado deben comprender os problemas ambientais que están degradando o noso medio e participar solidariamente no seu coidado.
- **Educación para a saúde e a calidade de vida:** na escola debemos inculcar hábitos de hixiene física, mental e social que desenvolvan a autoestima e melloren a calidade de vida.
- **Educación para o lecer:** Debemos ofrecer ao alumnado unha alternativa para utilizar o seu tempo de lecer de forma positiva, realizando actividades físicas.
- **Educación do consumidor:** É necesario dotar aos alumnos de instrumentos de análises cara ao exceso de consumo de produtos innecesarios.
- **Educación viaria:** O coñecemento e a utilización da vía pública é dunha gran importancia polo que a súa educación ten que comezar na escola.

A nivel **metodolóxico** dicir que: neste contexto que nos obriga a manter unha distancia de seguridade, non compartir material escolar ou persoal, a desinfección continua de material, estancias, mans, etc. obríganos a mudar o xeito de traballar na aula, cambiando os traballos grupais polos individuais, e a participación en proxectos de centro, eventos, efemérides, etc. este ano escasas e nas que a participación será a nivel de grupo de convivencia ou online cando se desexe que sexa colectiva.

Tampouco será posible facer murais colectivos nin expolos nos corredores. Os traballos de investigación, experimentación e manuais serán individuais e a súa difusión e posta en común deberá ser online.

OBXECTIVOS

Ao rematar a **educación primaria** preténdese que o alumno teña acadado os seguintes **obxectivos**:

- 1.- Contribuír ao desenvolvemento pleno e integral da personalidade do alumnado, e a maduración da súa persoa.
- 2.- Coñecer, apreciar e respectar o patrimonio cultural relixioso como expresión da fe católica. (CL, CC)
- 3.- Comprender e valorar o sentido sagrado, festivo, cultural e celebrativo das festas e os seus ritos especialmente na liturxia da Igrexa. (CL,CC)
- 4.- Coñecer e manexar a Biblia de forma básica. Identificar o sentido dalgúns textos básicos como Palabra de Deus (CC, CL , AA)
- 5.- Comprender a relación intrínseca entre os valores básicos do ser humano e a acción creadora de Deus Pai. (AA,CS)
- 6.- Valorar o amor de Deus e a súa acción salvífica a través do seu Fillo Xesús e da Igrexa, Corpo de Cristo.(Sentido transcendente)
- 7.-Identificar o significado dalgúns textos básicos da mensaxe cristiá, que faciliten a comprensión da acción do Espírito Santo na Igrexa e no mundo (CL, AA, CS)
- 8.-Descubrir en Xesucristo camiño, verdade e vida o fundamento para un estilo de vida cristiá. (CS, Sentido transcendente)
- 9.- Identificar a Igrexa nas súas manifestacións, recoñecer a presenza de Deus e a súa graza nos sacramentos, e o servizo eclesial prestado polos apóstolos e os seus sucesores (CS, Sentido transcendente).

Ademais dos obxectivos específicos da materia tamén se tratará que alumnado acade uns **obxectivos básicos a nivel competencial e transversal**:

- 1.- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.(CC)
- 2.- Desenvolvemento de hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, intres e creatividade no aprendizaxe, e espírito emprendedor. (AA, EE)
- 3.- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con antinomia no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan. (CS, EE)
- 4.- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade. (CS)
- 5.- Coñecer e utilizar de maneira adecuada a lingua castelá e galega e desenvolver os hábitos de lectura. (CL)
- 6.- Coñecer e valorar o seu entorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e coidado do mesmo. (CM, CS, CC)
- 7.-Iniciarse na utilización, para o aprendizaxe das tecnoloxías da información e a comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran. (CD)
- 8.- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais. (CC)

- 9.-Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectando as diferenzas. (CM, CS, CC)
- 10.- Valorar os animais e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado. (CM)
- 11.- Desenrolar capacidades afectivas contrarias a calquera tipo de violencia e a prexuizos de calquera tipo (sexista, relixiosos, etc.). (CS, EE)
- 12.- Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico. (CS)

COMPETENCIAS CLAVE

A ensinanza da relixión católica como materia integrada no currículo do alumnado contribúe tamén, de maneira importante, na adquisición das competencias clave do currículo.

Os catro bloques que compoñen a materia de relixión católica inclúen conceptos, procedementos e actitudes que permiten o coñecemento de si mesmo, da realidade e dos problemas que esta plánte. Por elo, os contidos xerais da materia contribúen á consecución dos obxectivos propostos para as diferentes etapas.

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento de estas. As competencias non se estudan nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeramos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos no alumnado a aplicación de coñecementos mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de maneira global en cada unidade didáctica sería inabarcable polo que descompondremos nos indicadores e descritores de cada competencia e en cada unidade concretaranse o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de maneira explícita na unidade, será concreto e obxectivo e indicaranos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Na área de Relixión Católica incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática facendo fincapé nos descritores mais afíns a esta área.

Competencia en comunicación lingüística (CCL): O currículo desta materia apoiase en elementos cristiáns presentes no entorno próximo do alumnado, nas imaxes e símbolos, na linguaxe e outros recursos, para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa evolutiva. Desenrolase así a competencia en comunicación lingüística en tanto que se serve da linguaxe que conforma a cultura e a tradición que se transmite de xeración en xeración. Así, a linguaxe bíblica e a súa riqueza de expresión e simboloxía, a linguaxe doutrinal e a súa precisión conceptual, analítica e argumental e a linguaxe litúrxica e a súa proximidade á linguaxe dos símbolos do pobo cristiá, axudará ao desenrolo desta competencia no alumnado.

Por outra banda tamén desde esta materia contribúese a utilización dos diversos modos de comunicación: a escoita, a exposición de contidos e ideas, a argumentación, o diálogo, etc. intentando dotar ao alumnado de ferramentas co fin de que chegue a dominar a competencia comunicativa en todas as súas facetas.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT): O desenvolvemento desta competencia contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía. A súa vez, apoia e dá sentido as habilidades e ás destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde a devandita competencia. Esta área posibilitáanos iluminar as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano con todo o relacionado co ámbito da ciencia e a tecnoloxía.

Competencia dixital (CD): nesta área posibilitaremos manexar ferramentas desde un sentido ético e de responsabilidade para poder acceder ás distintas fontes que nos faciliten coñecer e afondar nesta materia. Será fundamental traballar desde fontes fiables que favorezan a claridade de contidos para crear no alumnado unha base sólida e que cheguen a xerar os seus propios criterios sobre diferentes contextos nos que se poidan desenvolver.

Competencias sociais e cívicas (CSC): desde esta áreas favorecese o desenrolo da responsabilidade persoal e social e das demais virtudes cívicas, para o ben común da sociedade. Esta educación da dimensión moral e social da persoa, favorecerá a maduración dunha corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da liberdade, da cooperación, do respecto, da non violencia, da liberdade, da xustiza e da caridade.

Conciencia de expresións culturais (CCEC): esta competencia relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, simbólica, histórica, de costumes, ritos, festas, valores, modos de vida ... O alumnado verase enriquecido cos valores que leva consigo o feito relixioso en toda a súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial. Con iso contribúe á conservación e á valoración do patrimonio cultural desde o momento que aporta significado e valoración crítica de tantas obras do noso entorno, motivando o aprecio pola propia cultura e a estima adecuada de outras tradicións culturais e relixiosas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIIE): é fundamental que o alumnado descubra a súa identidade persoal a través dunha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A súa iniciativa persoal dependerá sempre que adestre nun autocoñecemento, en explorar as súas potencialidades, en buscar o sentido a cada unha das cousas que acontecen na súa vida.

Aprender a aprender (CAA): na área de relixión esta competencia pode axudar ao alumnado a ser protagonista do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore de modo activo e libremente segundo o plan establecido por El.

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRITORES
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCT)	Coidado do entorno medioambiental e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> • Interactuar co entorno natural de maneira respectuosa. • Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenrolo sostible. • Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu entorno. • Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no entorno natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> • Desenrolar e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. • Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado do mesmo.

	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. • Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante. • Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que ocorre noso ao redor.
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto. • Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia. • Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos. • Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.
Competencia en comunicación lingüística. (CCL)	Comprensión oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender o sentido dos textos escritos. • Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos... • Gozar da lectura.
	Expresión oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> • Expresar oralmente, de maneira ordenada e clara calquera tipo de información. • Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos. • Compoñer distintos tipos de textos con creatividade e sentido literario.
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> • Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... • Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións

		comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> • Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma. • Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiás en distintos contextos. • Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. • Producir textos escritos de diversa complexidade para empregar en situacións cotiás ou en áreas distintas.
Competencia dixital (CD)	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> • Empregar distintas fontes para a busca de información. • Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa finalidade. • Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. • Comprender as mensaxes que chegan dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. • Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. • Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
Conciencia de expresións culturais (CCEC)	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas.	<ul style="list-style-type: none"> • Amosar respecto polas obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial. • Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. • Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> • Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos. • Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotiá. • Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
Competencias	Educación cívica e	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia

sociais e cívicas (CSC)	constitucional	<p>cidadá no contexto da escola.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada <i>Constitución Española</i>.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolar a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. • Amosar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. • Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> • Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. • Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. • Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. • Involucrarse ou promover accións con un fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. • Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. • Ser constante no traballo superando as dificultades. • Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> • Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. • Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de acadar os obxectivos. • Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> • Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. • Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. • Encontrar posibilidades no entorno que outros non aprecian.
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. • Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover novas accións • Asumir riscos no desenrolo das tarefas ou dos proxectos. • Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
Aprender a aprender (CAA)	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... • Desenrolar as distintas intelixencias múltiples. • Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. • Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... • Desenrolar estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> • Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe. • Seguir os pasos establecidos e tomar decisións en función dos resultados intermedios. • Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. • Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVE, ELEMENTOS TRANSVERSAIS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Obxectivos propostos e accións para acadalos

- **Obxectivos Propostos:**

- contribuír no alumnado ao desenvolvemento pleno e integral da súa personalidade.
- coñecer coñecer o saber antropolóxico cristián acumulado ao longo dos séculos (saber que abarca: o sentido relixioso do home, a revelación de Deus e Xesucristo na historia, a mensaxe evanxélica, a Igrexa como manifestación da presenza continuada de Xesucristo na historia, a relixiosidade popular e as diferentes manifestacións artístico-culturais).
- fomentar o coñecemento e o respecto polas diferentes manifestacións artísticas e culturais, especialmente as de tipo relixioso presentes na súa contorna.
- fomentar a importancia dos valores básicos que rexen a vida e a convivencia humana e obrar de acordo con eles

- **Accións para acadar os obxectivos:**

- actividades lúdicas de formación (lectura comprensiva, realización de mapas conceptuais e esquemas, actividades de expresión oral e artística, etc encamiñadas a acadar os contidos recollidos no currículo, nun marco saudable de convivencia e desenrolo persoal que fomente a colaboración cos máis necesitados e o respecto e a tolerancia cara as diferenzas individuais debidas a distintos factores sociais, étnicos, culturais. limitacións persoais, sexo, relixión ... así como a utilización dunha linguaxe non discriminatoria e pacifista; fomentando a cortesía e rexeitando vocabulario mal soante.
- actividades de vídeo lectura e audiovisuais.
- actividades de investigación no entorno, en internet e/ou en formato papel (biblioteca escolar, biblioteca persoal e outros medios –biblioteca pública, oficina de información, concello, xornais, etc-).
- visitas guiadas polo noso entorno paisaxístico, relixioso e cultural e a monumentos e museos a través da rede; fomentando a formación, o respecto e a convivencia.

Bloques Temáticos

O desenrolo do currículo estruturase en catro grandes **bloques temáticos** que pretenden recoller o saber antropolóxico cristián acumulado ao longo dos séculos:

- Bloque 1: Sentido relixioso do home

- Bloque 2: A revelación: Deus intervén na historia
- Bloque 3: Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación
- Bloque 4: Permanencia de Xesucristo na historia da Igrexa

Estes catro bloques inclúen conceptos, procedementos e actitudes, que permiten o coñecemento de si mesmo, da realidade e dos problemas que esta presenta. Por elo os contidos xerais da materia contribúen á consecución dos obxectivos propostos para as diferentes etapas.

Nas diferentes unidades afrontaranse os contidos curriculares dende catro ou cinco campos: os contidos relixiosos, os relatos bíblicos, os valores humanos e cristiáns encarnados en persoas destacadas, as manifestacións artísticas e a observación ou investigación do seu entorno.

Contidos transversais

En cumprimento do establecido no currículo, traballarase en relixión ao igual que en todas as demais áreas: comunicación audiovisual, as TIC, emprendemento e educación cívica e constitucional. Ademais serán valores a igualdade entre homes e mulleres, a prevención e resolución pacífica de conflitos, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, a actividade física e a dieta equilibrada e a educación e seguridade viaria.

A integración dos temas ou contidos transversais nas nosas programacións didácticas é unha consecución da identidade mesma da nosa área. Non se trata de materias engadidas senón de coñecementos, prácticas, actitudes que forman parte necesaria do desenvolvemento da nosa área e que con levan a mellorar as relacións interpersoais baseando a solución de conflitos no diálogo, o perdón e a misericordia.

CONTIDOS TRANSVERSAIS	
COMPRESIÓN LECTORA	En todas as seccións inclúense actividades que facilitan a comprensión dos contidos propostos.
EXPRESIÓN ORAL	Nas láminas iniciais establecece un diálogo mediante as preguntas que de propoñen, así como noutros momentos.
EXPRESIÓN ESCRITA	A maioría das actividades inclúen e potencia o desenvolvemento da expresión escrita. Podendo realizalas no caderno ou en medios informáticos (PC, encerado dixital, tablet...)
COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	Todas as unidades didácticas están apoiados con actividades audiovisuais (informativa, interactivas...)
TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN	Na maioría das unidades propóñense actividades interactivas.
ESPÍRITU EMPRENDEDOR	En certas actividades fomentase a iniciativa creativa.
EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL	En todas as unidades inclúense actividades nas que se desenrola a educación cívica e constitucional.

IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES	Ao longo do curso, como norma xeral, todas as actividades contribúen a desenrolar a igualdade entre homes e mullers.
PREVENCIÓN E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS	Propóñense actividades cooperativas para desenrolar habilidades sociais básicas que preveñan a non aparición de conflitos
DESENROLO SOSTIBLE E MEDIO AMBIENTE	En cumprimento do mandato divino de “coidar a terra” ao longo do curso fomentase unha actitude básica ecolóxica, de respecto e posta en valor a importancia e o coidado do medio ambiente.

Competencias clave. Temas transversais. Estándares de aprendizaxe. Rúbricas. Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación.

COMPETENCIAS CLAVE:			TEMAS TRANSVERSAIS:
<p>CL- Competencia Lingüística CD- Competencia Dixital CS- Competencias Sociais e Cívicas CC- Conciencia e expresións Culturais AA- Aprender a Aprender EE- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor CM- Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía</p>			<p>CL- Comprensión lectora. EOE- Expresión oral e escrita. CA- Comunicación audiovisual. TIC- Tecnoloxías da Información e comunicación. EMP- Emprendemento. EC- Educación cívica e V- Valores (igualdade, equidade...) SV- Seguridade viaria. PV – Prevención da violencia.</p>
<p>Valoración do nivel competencial: Necesita mellorar, Bo, Moi bo, Excelente.</p>			
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:			RUBRICAS
Ponderación asignada aos Estándares Básicos 50%	Ponderación asignada aos Estándares Intermedios 40%	Ponderación asignada aos Estándares Avanzados 10%	1. Nunca (5) 2. As veces (10) 3. Moitas veces (15) 4. Sempre (20)
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN			CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
<p>PE- Proba Escrita TCL- Traballo de Clase TC- Traballo de Casa</p>			Probas e Traballos: 60% Control do caderno: 30% Actitude (comportamento, participación, interese, atención, etc.): 10%
<p>OD- Observación Directa. EO- Expresión Oral. IM- Interese pola Materia.</p>			
<p>Probas e traballos → valórase: contido, presentación e expresión. OD → valórase: comportamento, actitude e socialización (tr.grupo).</p>			

Secuenciación e temporalización de contidos. Vinculación entre Contidos, Criterios de avaliación, Estándares de aprendizaxe, Competencias Clave e Instrumentos de avaliación.

AREA: Relixión Católica		NIVEL: 4º Primaria									
CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN	TEMPOR.			ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE			CC	INS. AV.	
			1º	2º	3º	BÁSICOS	INTERMEDIOS	AVANZADOS			
BLOQUE 1:	A experiencia de pecado nos relatos das relixións antigas.	1. Descubrir nos relatos das relixións antigas a experiencia do pecado humano.	X			1.1.Localiza e describe situacións de pecado descubertas nos relatos das relixións antigas.(a)			CS	TCL	
	O perdón como necesidade do ser humano.					1.2 Cualifica o tipo de pecado en situacións da súa contorna e compáraas coas atopadas nos relatos das relixións antigas. (a)			CS		CC
		2. Identificar a necesidade do perdón para ser feliz.	X			2.1 Lembra e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón. +(b)			CC	CS	TCL
BLOQUE 2:	O relato do pecado orixinal: o home quere suplantar a Deus.	1. Identificar a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos.	X			1.1 Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con El, e aplícaa a situacións actuais.(b)			CL	CS	EO
						1.2 Lembra e narra acontecementos actuais nos que se rexeitou a amizade con Deus.(b)			AA	CS	TCL
	Deus está sempre disposto ao perdón.	2. Coñecer as características do perdón de Deus.	X			2.1 Descubre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos. +(b)			CL	CS	TCL
	Infidelidade á misión encomendada por Deus na historia de David.	3. Memorizar momentos da historia de David nos que abusa da misión encomendada por Deus.		X		3.1 Identifica e describe comportamentos da vida do rei David que se opoñen á vontade de Deus.(i)			CL	CS	TCL
	David sente na súa vida a necesidade de redención.	4. Descubrir e valorar a razón pola que David sente a necesidade de redención.			X	4.1 Compara a actitude de David con situacións persoais nas que sentiu a necesidade de ser perdoado.(i)			CL	CS	TCL
						4.2 Recoñece e expresa artisticamente escenas da historia de David nas que Divos perdóalle. Mostra respecto polas intervencións dos seus compañeiros.(i)			CE	CS	TCL
	Divos fiel promete un Mesías.	5. Aprender e lembrar historias bíblicas nas que Deus promete o Mesías.	X			5.1 Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa do Mesías.(b)			CE	CS	OD

AREA: Relixión Católica		NIVEL: 4º Primaria										
CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN			TEMPOR.			ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE			CC	INS. AV.
					1º	2º	3º	BÁSICOS	INTERMEDIOS	AVANZADOS		
BLOQUE 3:	O perdón de Deus: accións e parábolas de Xesús.	1. Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón.		X		1.1 Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.(b)	CL	CS	OD			
		2. Memorizar algunhas das accións onde Xesús concede o perdón.		X		2.1 Visualiza, en obras de arte, escenas de perdón e explícaas.(i)	CD	CE	EO			
	Amizade e preferencia de Xesús polos máis débiles e necesitados.	3. Recoñecer a iniciativa de Xesús polos máis necesitados e os enfermos.		X		3.1 Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos, nos textos evanxélicos.(b)	CL	CS	OD			
		Xesús cumpre a vontade do Pai: paixón e morte de Xesús.	4. Comprender e apreciar que, na súa paixón e morte, Xesús está a cumprir a vontade do Pai.			X	4.1 Secuencia ordenadamente escenas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co Pai.+(b)	CE	CL	CS	OD	
					4.2 Distingue e explica frases do relato da oración do Horto das Oliveiras que expresan a obediencia de Xesús ao Pai.(i)	CL	CS	EO				
BLOQUE 4:	O sacramento da Reconciliación.	1. Explicar que a través do sacramento da Reconciliación Divos concede o perdón.			X	1.1 Coñece e explica as condicións para acoller o perdón de Deus.+(b)	CS	CL	EO			
						1.2 Describe os pasos da celebración do sacramento do Perdón.(b)	CC	CS	TCL			
	A celebración da Eucaristía.	2. Diferenciar signos e momentos da celebración eucarística.			X	2.1 Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística.(b)	CC	CS	OD			
	A Coresma: tempo penitencial.	3. Coñecer trazos da Coresma como tempo penitencial.		X		3.1 Investiga e presenta con diversos recursos obras e institucións da Igrexa de carácter penitencial. (a)	CD	CC	EE	TCL		

Plan de adecuación da secuenciación de contidos en sistema non presencial.

Centrarémonos na consecución dos estándares de aprendizaxe mínimos o que implicará a redución de contidos e unha maior coordinación coas familias. Non obstante, en función da resposta e adaptación do alumnado a esta situación valorarase a ampliación de estándares.

Metodoloxía de traballo no caso de ensino a distancia.

No caso de ter que pasar á educación a distancia e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena, cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, manterase a actividade lectiva a través da aula virtual ou outras opcións que poña en funcionamento a consellería.

O alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática proporcionaráselle os contidos e actividades en formato papel, dixital e/ou offline.

A comunicación e coordinación coas familias levarase a cabo a través das medidas telemáticas propostas pola Consellería de Educación: Abalar móbil, Edixgal e a páxina web do centro escolar (aula virtual e blogs de aula/materia), en cumprimento da lei de protección de datos. Medidas que tamén se utilizarán preferentemente durante a educación presencial, en cumprimento do protocolo covid-19 para centros escolares, no que se recolle que se debe optar preferentemente pola utilización de medidas telemáticas e evitar reunións presenciais do persoal docente entre si e/ou do persoal docente con outras persoas da comunidade educativa.

No caso de que non sexa posible o uso das medidas telemáticas propostas habilitaranse outras fórmulas de comunicación como correo electrónico, foros ou vídeo chamadas para manter o contacto coas familias, proporcionar os contidos educativos e asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

Ensino non presencial	Coordinación e contacto coas familias e o alumnado	Presentación de contidos e actividades	Seguimento da formación non presencial do alum.
Infantil	-Abalar móbil -Correo electrónico.	-Páxina web do centro: Blog de relixión.	Correo electrónico
1º e 2º Primaria	-Abalar móbil -Correo electrónico.	-Páxina web do centro: Blog de relixión.	Correo electrónico
3º e 4º Primaria	-Abalar móbil -Correo electrónico. -Aula virtual do centro. -Reunións virtuais (Plataforma por determinar)	-Aula virtual do centro.	Aula virtual do centro
5º e 6º Primaria	-Abalar móbil -Correo electrónico. -Edixgal. -Reunións virtuais (Plataforma por determinar).	-Edixgal	Edixgal

Distribución anual das Unidades Didácticas.

TP	1ª Avaliación						2ª Avaliación						3ª Avaliación										
O U T O	B	1	1	2	1.1	1.2	2.1	X A N E I R O	B	2	3	4	3.1	4.1	4.2	A B R I L	B	3	4		4.1	4.2	
	<p><u>1:</u> O pecado nas relixións antigas. <input type="checkbox"/> Ex. Prox. (.) <input type="checkbox"/> R.B: A torre de Babel (Xen 11., 1-91) <input type="checkbox"/> Arte: Torre de Babel. Val./Tes. (Paz, Pacifismo)</p>						<p><u>4:</u> Infidelidade de David e o perdón de Deus. <input type="checkbox"/> Ex. Prox. (.) <input type="checkbox"/> R.B:A elección d David. <input type="checkbox"/> Arte: David na arte <input type="checkbox"/> Val./Tes. (Lealdade, Fidelidade, Cortesía)</p>						<p><u>7:</u> Xesús cumpre a vontade Deus. <input type="checkbox"/> Ex. Prox. (.) <input type="checkbox"/> R.B: Paixón, morte e resurrección de Xesús <input type="checkbox"/> Arte: A Resurrección. Val./Tes. (Temperanza)</p>										
N O V E M B R O	B	2	1	2	1.1	1.2	2.1	F E B R E I R O	B	3	1,2	3	1.1	2.1	3.1	M A I O	B	4	1		1.1	1.2	
	<p><u>2:</u> O Perdón de Deus na Biblia. <input type="checkbox"/> Ex. Prox. (.) <input type="checkbox"/> R.B: O pecado orixinal <input type="checkbox"/> Arte: Adán e Eva no paraíso. Val./Tes. (Misericordia)</p>						<p><u>5:</u> O Perdón de Deus e a preferencia de Xesús polos necesitados. <input type="checkbox"/> Ex. Prox. (.) <input type="checkbox"/> R.B: Amizade de Xesús aos necesitados <input type="checkbox"/> Arte: X. cura ao tollido. P. do fillo pródigo. Val./Tes. (Altruísmo, Xenerosidade)</p>						<p><u>8:</u> Sac. Reconciliación. <input type="checkbox"/> Ex Prox. (.) <input type="checkbox"/> R.B: Xesús e a muller pecadora. <input type="checkbox"/> Arte: Magdalena unxindo os pes a Cristo Val./Tes. (Perdón, Conciencia)</p>										
D	B	2	5		5.1			M	B	4	4		4.1	4.2		X	B	4	2		2.1		

E C E M B R O	<u>3</u> : O Mesías prometido, <input type="checkbox"/> Ex. Prox. (.) <input type="checkbox"/> R.B: Adoración dos Magos (Mt 2, 1-12) e outros relatos sobre o Mesías prometido . <input type="checkbox"/> Arte: Adorac. Magos Val./Tes. (Esperanza)	A R Z O	<u>6</u> : A Coáresma:un tpo penitencial. <input type="checkbox"/> Ex. Prox. (.) <input type="checkbox"/> R.B: Xesús cumpre a vontade de Deus <input type="checkbox"/> Arte: Sermón da montaña Val./Tes. (Tenacidade, Prudencia)	U Ñ O	<u>9</u> : O Sacramento da Eucaristía <input type="checkbox"/> Ex. Prox. (.) <input type="checkbox"/> R.B: Celebración da Eucaristía. <input type="checkbox"/> Arte: A última Cea Val./Tes. (Compartir, Comunión, Fe)
----------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Nota: Bloque criterios avaliación estándares aprendizaxe (B1-1-1.1) = bloque1 criterio 1 estándares 1.1. /1.2
- Estrutura dunha unidade formativa: Experiencia inicial Próxima (-lectura comprensiva-), Contidos curriculares (sobre título da unidade), Biblia: Relato Bíblico e Arte (manifestacións artísticas), Valores e Testemuñas (valores humanos e cristiáns, emocións, reportaxes...), Actividades (relacionadas coas lecturas, investigación, vocabulario,...)

METODOLOXÍA DIDÁCTICA. EXTRATEXIAS PARA ACADAR OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Orientacións Metodolóxicas:

A normativa educativa derivada da LOMCE define metodoloxía didáctica como: «conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos expostos» (Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro).

Neste sentido a materia de Relixión Católica utilizará unha metodoloxía que respectará os seguintes principios:

- Todos os aprendizaxes estarán orientados a formación integral do ser humano
- Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa.
- Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes.
- Combinar de maneira adecuada o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.
- Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes. Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes así como dos coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa. As actividades partirán de experiencias próximas ao noso alumnado, para progresivamente ir acadando novas aprendizaxes centradas nas experiencias posteriores.
- Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativo. O estudo e reflexión do cristianismo, polo súa intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativa.
- Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos. O ensino da relixión promoverá a utilización da tecnoloxía da información e a comunicación non só dunha maneira instrumental, que resulte útil ao estudante na procura de información ou na resolución de problemas expostos na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético.
- Terá un carácter flexible e aberto, para poder introducir nela todos os cambios que sexan necesarios no proceso de ensino-aprendizaxe, atendendo á diversidade e permita acadar os obxectivos didácticos e adquirir as competencias clave.

Secuenciación habitual do traballo na aula

Todas as **unidades didácticas**, aínda que cunha certa flexibilidade, manteñen unha estrutura clara e recoñecible:

- Punto de partida. Pártese de situacións que reflicten sentimentos e emocións, tratando de fomentar o descubrimento tanto do mundo interior do alumno como do entorno co rodea.
- Relato bíblico, lectura e posibilidade de traballalo con recursos audiovisuais para favorecer a comprensión do texto, así como realizando glosarios, actividades de plástica e estudando as diferentes manifestacións artísticas da biblia na arte.
- Información – Contidos relixiosos: contidos curriculares oficiais axustados a idade do alumnado.

- Valores humanos / cristiáns e emocións: vemos persoas que encarnan os valores traballados na unidade.
 - Mapa conceptual, esquema ou resume do aprendido.
 - Aprendemos máis, tratar de ampliar máis os contidos traballados na unidade mediante a lectura de textos literarios, a análise de obras de arte (contemplamos e valoramos), e a investigación mediante actividades lúdicas de investigación e elaboración de proxectos.
- En canto ao traballo persoal do alumnado estará centrado en: resposta a preguntas, resolución de problemas e memorización comprensiva.
- A hora de avaliar teranse en conta aspectos cognitivos e de actitude:

- Probas.
- Análise de producións: caderno, mapas, comentarios, etc.
- Exposicións orais.
- Traballo individuais e en grupo.
- Observación do traballo na aula.
- Comportamento.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Recursos didácticos:

Ao non dispoñer de libro de texto, as unidades didácticas elaboraranse a partir dos libros de texto das diferentes editoriais e outros recursos varios (libros, revistas, páxinas web, ...).

Polo tanto os recursos didácticos dispoñibles e que vamos a utilizar para o desenrolo do proceso de ensinanza/aprendizaxe son os seguintes:

- unidades didácticas de elaboración propia.
- recursos impresos, fichas diversas de contido curricular ou temas transversais.
- recursos interactivos na web.
- selección de filmes e secuencias con propostas de traballo.
- selección de cancións con propostas de traballo.
- selección de manifestacións artísticas con propostas de traballo
- selección de actividades para o desenrolo das competencias.
- selección de materiais (web ou non) para traballar por proxectos e fomentar a capacidade de investigación e sínteses, no respecto a propiedade intelectual.
- a biblia online (biblija.net e outras)
- recursos educativos sobre a biblia, online e para imprimir.
- propostas de avaliación
- actividades de reforzo e ampliación.
- blog da nosa clase de relixión: *relidesol*, <http://relidesol.blogspot.com.es/>
- blog da biblioteca, *biblioforte*, (<http://biblioforte.blogspot.com.es/>) para fomentar a lectoescritura e a investigación cultural dun xeito lúdico.
- Aula virtual nos cursos de 3º e 4º.

- E-Dixgal nos cursos de 5º e 6º.

Materiais curriculares

Os materiais curriculares utilizados son principalmente:

- **Material audiovisual e informativo** tales como pdi, ordenadores con conexión a internet, canón para proxectar na aula, audiovisuais (relatos bíblicos, cancións, valores, temas transversais), biblia dixital (biblija.net), etc. Estes materiais son necesarios para traballar todos os contidos relacionados coa competencia dixital e para abordar contidos curriculares que doutra maneira sería máis complicado e menos lúdica a súa transmisión.
- **Material escrito** tales como a Biblia (adaptada ou non), libros de consulta, material copiable, etc.
- **Material diverso para talleres e traballos manuais**: material de papelería, de reciclaxe, papel continuo, tesoiras, cola, cartolinas, pinturas, rotuladores, etc. Todo este material permitirá realizar diversas actividades e talleres na aula con motivo de festividades importantes (advento, Nadal, pascua, Pentecostes, etc.).

Materiais do alumno:

Ao non dispoñer de libro de texto o profesor facilitará ao alumno material informativo en distintos soportes sobre os contidos curriculares da materia distribuídos nas diferentes unidades didácticas, acompañado das correspondentes actividades en distintos soportes.

O alumno deberá dispoñer do seguinte material:

- Carpeta para clasificar o material curricular informativo impreso (contidos curriculares, historias bíblicas, etc) e fichas de actividades.
- Caderno de actividades e anotacións.
- Adhesivos –facilitados polo profesor.
- Tarxeta Lectora - facilitada polo profesor.
- Caderno da familia – solicitado polo titor.
- Memoria USB para o alumnado de 5º e 6º. (aconsellable)

AVALIACIÓN

Procedementos para a avaliación inicial

Ao inicio de curso farase un repaso xeral sobre o visto o curso anterior para tratar de incidir naqueles aspectos esquecidos ou recordados con dificultade.

Esta avaliación permitiranos descubrir as fortalezas e debilidades do grupo en canto a nivel de desenrolo de obxectivos curriculares e de aspectos competenciais así como necesidades particulares e actitudes.

Ao inicio de cada unidade didáctica farase un avaliación (tendo en conta os estándares) inicial dunha forma informal e lúdica para saber os coñecementos previos dos alumnos sobre o tema a tratar e que permitirá ao profesor fixar o punto de partida e poder facer un seguimento da evolución dos coñecementos. Na avaliación inicial non hai calificación.

Procedementos de avaliación continua e final

Avaliación encamiñada a coñecer si se van logrando os obxectivos propostos. O seu carácter regulador, orientativo e auto-corrector do proceso educativo favorece a adopción das medidas necesarias que procedan de atención a diversidade, cando o alumnado non logre o progreso adecuado.

É fundamentalmente a observación das realización do alumnado no desenvolvemento normal da clase, ao través das súas producións, do seu caderno de clase,...

Tamén se empregarán rúbricas, listas de observación e de verificación para valorar a actividade, que desenvolva nas propostas de traballo que se fagan na aula.

Durante o curso se realizarán 3 avaliacións correspondentes aos tres trimestres do ano académico, nas que se valorará a adquisición das competencias clave e o nivel de logro. Nas sesións de avaliación tomaranse medidas para o reforzo educativo daqueles alumnos que non acaden un desempeño axeitado.

Procedementos e instrumentos para a avaliación

A observación continua e sistemática da evolución personalizada de cada alumna ou alumno constituirá a técnica básica de obtención de información. En función da estrutura da nosa concreción curricular, propónse o uso de rúbricas de avaliación para observar o grao de adquisición das competencias.

Os instrumentos de avaliación preferentemente empregados serán:

- Realización de probas específicas. Tanto orais como escritas e así avaliaremos os conceptos e os procedementos mediante os estándares de aprendizaxe a conseguir.
- Revisión de tarefas do alumnado. Realizarase mediante a análise do caderno de clase e dos traballos e fichas realizados para comprobar si realiza as tarefas, si corrixe erros, si se equivoca con frecuencia, caligrafía, ortografía...
- Autoavaliación. Permitiranos coñecer as propias valoracións do alumnado, ao tempo que nos permite reflexionar sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Criterios de cualificación

Establécense tres criterios de cualificación:

CRITERIOS	PORCENTAJES
Probas de avaliación (conceptos)	60% (máximo 6 puntos sobre 10) Valorarase: <ul style="list-style-type: none">- Corrección ortográfica → (10%) = 1 punto.- Capacidade de síntese e razoamento → (30%) = 3 puntos.- Capacidade de definición e explicación → (20%) = 2 puntos.
Traballos de investigación e caderno (procedementos)	30% (máximo 3 puntos sobre 10) Valorarase: <ul style="list-style-type: none">- Caderno de traballo → (10%) = 1 punto.- Exercicios e traballos que se realicen na clase → (20%) = 2 punto. Valorarase a puntualidade, a limpeza, a corrección ortográfica e o uso do vocabulario adecuado a cada nivel.
Actitud ante el aprendizaje (actitudes).	10% (máximo 1 punto sobre 10) Valorarase: <ul style="list-style-type: none">- Ter un comportamento adecuado en formas e expresións.- Coidado e respecto polo material.- Convivencia dentro e fora do grupo.- Respecto polas persoas e as opinións.- Atención ás explicacións da profesora.

As valoracións iran acompañadas dunha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de 1 a 10 (Insuficiente -1, 2, 3, 4-, Suficiente -5-, Ben -6-, Notable -7 ou 7- e Sobresaínte -9 ou 10-).

Indicadores de avaliación

- saber observar os referentes relixiosos do seu entorno
- saber o significado das palabras con sentido relixioso máis usuais no seu vocabulario.
- respectar os signos e símbolos relixiosos do seu entorno.

- familiarizarse cunha primeira síntese da fe.
- adquirir o gusto polo bo obrar.
- apreciar os valores cristiáns que facilitan a convivencia.

Recuperación

Non é probable que un alumno promocióne de curso con esta materia suspensa, pero no hipotético caso de que así fose, o alumnado que non teña adquirido as aprendizaxes e promocióne con avaliación negativa terá que realizar un traballo relacionado cos contidos da materia (total ou parcial) que ten suspensa do curso anterior.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente (Indicadores de logro)	Escala				Propostas de mellora
Proceso de ensino:	1	2	3	4	
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?					
2.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?					
3.- Conseguiuse motivar a todo o alumnado?					
4.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?					
5.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?					
6.- Adoptáronse as medidas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE?					
7.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?					
8.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?					
9.- Valorouse adecuadamente o traballo na aula?					
10.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?					
Práctica docente:	1	2	3	4	
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado					
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?					
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade					
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?					
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos					

temas a tratar?					
6.- Poténcianse estratexias de animación á lectura?					
7.- Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita?					
8.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe					
9.- Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas, traballos, etc?					
10.- Analízase e comentase co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección de probas, traballos, etc.					
11.- Avaliáase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?					

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica		Escala				Propostas de mellora
(indicadores de logro)		1	2	3	4	
Preparación da clase e dos materiais didácticos	Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases					
	Existe unha distribución temporal equilibrada.					
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.					
Utilización dunha metodoloxía adecuada	A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.					
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumnado.					
Regulación da práctica docente	Grao de seguimento do alumnado medio-alto.					
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.					
	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.					
Avaliación das aprendizaxes e información que delas se lle da ao alumnado e as familias.	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.					
	Consecución do alumnado dos estándares de aprendizaxe programados.					
	Os instrumentos de avaliación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.					
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.					
	As aprendizaxes mínimas e os criterios de cualificación déronse a coñecer ao alumnado e as familias.					
Utilización de medidas para a atención a diversidade	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.					
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes					
	Aplica medidas extraordinarias recomendada polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.					

ATENCIÓN A DIVERSIDADE

É imprescindible atender aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado se queremos promover unha educación inclusiva, pois cada alumno é diferente e non podemos ter as mesmas expectativas para todos.

Porase especial fincapé na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. Para elo, incluíranse tamén actividades de reforzo para aqueles alumnos con dificultades de aprendizaxe e actividades de ampliación para o alumnado que pode avanzar a un maior ritmo.

ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AOS PROXECTOS DO CENTRO (TICS, PROXECTO LECTOR, PROXECTO LINGÜÍSTICO E PLAN DE CONVIVENCIA)

Incorporación e consolidación das tic.

Para incorporar as TICS na aula proponse:

Actividades TIC	Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe
Ligazóns a Internet	Aproveitamento de recursos educativos en Internet. Procura de imaxes, información ou curiosidades, selección e organización para transformalo en coñecemento.
Recursos dixitais na web	Actividades interactivas.

Accións de contribución ao proxecto lector do centro

- Lectura:
 - Lecturas e comentarios de textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas...)
 - Textos en apoio dixital (internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).
 - Lectura de textos sobre emocións e valores humanos e cristiáns.
 - Relatos bíblicos.
 - Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audios.
- Expresión:
 - Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos e intervencións, planificación, redacción e revisión.

- Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.

Accións de contribución ao proxecto lingüístico do centro

- A Linguaxe empregada na área de relixión será o galego, aínda que nalgúns casos tamén se utilizarán recursos en castelán: Biblia, internet, vídeos, cancións... coa finalidade de que o alumnado empregue e pense indistintamente nas dúas linguas oficiais.

Accións de contribución ao plan de convivencia do centro.

- Traballaremos os principios e valores que emanan da persoa de Xesucristo: diálogo, perdón, misericordia... que axudan a afrontar situacións de conflito.
- No máis profundo do ser cristián xorde o gran valor da fraternidade universal. De aí que as mínimas esixencias éticas de convivencia, participación e respecto á diversidade sexan consecuencia da fe cristián.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Dada a excepcional situación sanitaria, as posibles limitacións de movemento, a necesidade de manter os grupos de convivencia, etc. fai que a día de hoxe resulta difícil prever que tipo de actividades complementarias e extraescolares se poderán realizar ao longo do curso.

Por esta razón, pareceume oportuno manter o abano de actividades do curso pasado como unha simple proposta a espera de como evolucione a situación sanitaria.

ACTIVIDADE:	OBXECTIVO:	ALUMNADO	DATA
1.- Belén	- Coñecer e participar en festas tradicionais	Infantil/ Primaria	1º T.
2.- Andainas no entorno próximo do centro	- Coñecer recursos, observar e identificar animais e plantas. -Coñecer algúns edificios representativos do patrimonio cultura e relixioso de Monforte. - Desenrolar actitudes e hábitos sociais de convivencia e conservación.	Infantil/ Primaria	T.Curso
3.- Visitas guiadas por Monforte	-Coñecer o patrimonio histórico - cultural de Monforte (Pinacoteca do Cardeal, San Vicente, A Regoa...) - Desenrolar actitudes e hábitos sociais de convivencia e conservación.	Primaria	T.Curso
4.- Visita a asociacións socioasistenciais locais (Cruz Roxa, Cáritas...)	- Coñecer o papel que desempeñan no desenrolo da economía do pobo e das familias necesitadas do noso entorno e foráneas. - Coñecer a figura do Voluntario e fomentar a solidariedade e a convivencia.	Primaria	T.Curso
5.- Amigos dos Maiores: - Visita ao asilo de anciáns e/ou centro de día máis próximos. - Estrelas con amor (agasallos aos maiores). - A vosa voz - contando historias.	- Potenciar a relación interxeneracional. - Alegrar o Nadal aos anciáns coa nosa presenza e cantando panxoliñas. - Elaborar postais, contos, pequenos agasallos para os maiores. - Invitar a que nos <i>conten contos</i> , fomentar a escoita e o respecto aos maiores.	Primaria	T.Curso
6.- Participación nas festas locais (Nadal, San Brais, V.	- Fomentar o coñecemento de tradicións culturais propias.	Primaria	T.Curso

Montserrat, Semana Santa, Martes de Pascua, etc.)			
7.- Participación na celebración de efemérides recollidas no calendario escolar – DOGA- e outras propostas polo centro ou que podan xurdir ao longo do curso.	- Potenciar a convivencia, a solidariedade, o respecto, os valores cívicos, sociais e cristiáns.	Primaria	T.Curso
8.- Amigos do mundo: - Recuncho solidario - Campañas solidarias	- Implicarse nas campañas solidarias nas que participe o centro (“Nadal solidario”, “Tapóns solidarios”, etc.). - Tentar crear un recuncho solidario e fomentar campañas solidarias propias como “Deporte Solidario (torneo)”, “Bocata solidario”, “Coáresma Solidaria – Son maior” (xoguetes, libros, roupa, ...en bo estado e que xa non uso), etc. destinadas a necesidades do alumnado do centro.	Primaria	T.Curso
9.- Excursións pola Ribeira Sacra	- Coñecer o noso entorno próximo: igrexas románicas, ermidas, camiño de inverno, cerámica de Gundivos, Museos, Castros, etc.	Primaria	3ºT
10.- Camiño de Santiago de Inverno	- Participar nas andainas do Camiño de Inverno.	Primaria	1º T

11.- Visita ao Belén de Baltar (Ourense) e/ou a exposición de “Beléns no mundo” do Bispado de Ourense.	- Coñecer e participar en festas tradicionais.	Primaria	1º T
12.- Visita guiada As Clarisas	- Coñecer o patrimonio histórico - cultural de Monforte. - Desenrolar actitudes e hábitos sociais de convivencia e conservación.	Primaria	Maio
13.- Charlas relixiosas, culturais e artísticas por especialistas sobre temas curriculares.	- Ampliar o coñecemento sobre temas culturais e artísticos relacionados coa materia.	Primaria	T.Curso
14.- Participación no “Concurso de Contos Solidarios” (un xuguete una ilusión)	- Fomentar a solidariedade. - Fomentar a creación literaria, aumentar as posibilidades expresivas e o vocabulario.	Primaria	1º T
15.- Participación no “Certame de Poesía Eucarística” (Lugo)	- Espertar a imaxinación, a fantasía e a creatividade. - Enriquecer o vocabulario e aumentar as posibilidades expresivas. - Tentar recuperar unha tradición do Corpus lucense.	Primaria	3º T
15.- Participación noutros concursos sobre temas curriculares (ex. Postais de Nadal”) e o fomento das novas tecnoloxías (robótica, scratch,...)	- Potenciar os contidos curriculares, a autoestima, o espírito de superación, o voluntariado, etc. - Fomentar o desenrolo do coñecemento lóxico - matemático, a linguaxe de programación, o uso das TIC, etc.	Primaria	Todo o curso
16.-Santuarios marianos	- Potenciar o coñecemento de santuarios marianos relativamente próximos e advocacións marianas da Ribeira Sacra (ex. Virxe do Faro –Chantada – onde podemos ver: a ermida, parque eólico, torre incendios, camiño da virxe, fermosa vista panorámica...)	Primaria	Todo o curso

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESUSLTADOS E PROCESOS DE MELLORA.

Periodicidade con que se revisará a programación didáctica

O tratarse dun departamento unipersonal a periodicidade de revisión será continua dado que non existe a posibilidade de realizar reunións con outros membros que impartan a mesma área.

Non obstante o contacto e posta en común do seguimento diario do grupo/clase é continuo entre todo o profesorado que integran o equipo docente de cada grupo/clase, o que nos permite facer as oportunas reflexións e propostas de mellora en cada momento e que poderá levar a posibles cambios nas programacións iniciais de curso.

A final de curso os equipos docentes xunto coa xefatura de estudos e o departamento de orientación poderán avaliar propostas de modificación das programacións didácticas a nivel de centro, mediante un acordo de mínimos.

Indicadores de avaliación da programación

Trala valoración dos resultados acadados ao final de curso farase unha avaliación da programación tendo en conta os seguintes indicadores:

Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica	Escala				Propostas de cambio
	1	2	3	4	
(indicadores de logro)					
1.- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.					
2.- Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.					
3.- Adecuación dos mínimos esixibles para superar a materia.					
4.- Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.					
5.- Adecuación da metodoloxía utilizada.					
6.- Adecuación dos materiais e recursos didácticos utilizados.					
7.- Adecuación das medidas de atención a diversidade.					
8.- Asociación dos estándares cos elementos transversais.					
9.- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación.					
10.- Adecuación dos criterios establecidos para a cualificación.					
11.- Adecuación dos criterios establecidos para a promoción.					

12.- Adecuación do deseño da avaliación inicial.					
13.- Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc.					
14.- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.					
15.- Contribución desde a materia ao plan de convivencia do centro.					
16.- Grao de implicación das TIC no proceso de ensinanza da materia.					
18.- Grao de desenrolo das actividades complementarias e extraescolares previstas.					
19.- Adecuación da adaptación e resposta en situacións de excepcionalidade.					
20.- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.					

MEDIDAS PARA INFORMAR A FAMILIAS E ALUMNADO

Ao comezo de curso informarase ao alumnado dos aspectos fundamentais desta programación , poñendo especial fincapé nos instrumentos de avaliación, nos criterios de cualificación, na secuenciación do currículo e nos materiais e recursos utilizados.

Ademais na páxina web do centro expóranse, a disposición da comunidade educativa, as diferentes programacións didácticas relativas a cada nivel educativo.

ÁREA: LINGUA EXTRANXEIRA INGLESA

Ao inicio do curso escolar 2020-2021, farase unha modificación nas programacións, engadindo o terceiro trimestre do curso pasado.

No primeiro trimestre repasaremos os contidos do curso anterior, dados de forma presencial e presentaremos os novos contidos da terceira avaliación, dados online e impresos nalgúns casos..

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES (En caso de confinamento)

As propostas de traballo tentarán ser lúdicas, motivadoras e competenciais, dando oportunidade a múltiples formas de presentación e expresión. Buscaranse tarefas que impliquen un produto final. Procuraremos non abafar ao alumnado e as familias con excesiva cantidade de tarefas, seremos comedidos e flexibles na entrega das mesmas.

Metodoloxía

Alumnado con conectividade: procurarase elixir plataformas accesibles para todos/as e adaptarnos ás diferentes circunstancias utilizando distintas vías de comunicación.

Explicaremos ás familias os procedementos a seguir e ensinar como facelo.

Procuraremos guiar ao alumnado no seu traballo e darlles retro-alimentación, algo que nos parece primordial neste momento. Acompañaremos, motivaremos e reforzaremos a actitude e o esforzo do alumnado.

Alumnado sen conectividade: Faráselle chegar material impreso e iranse controlando as tarefas a través do whatsapp.

Explicarase ás familias os procedementos a seguir e ensinar como facelo.

Buscaranse xeitos de guiar ao alumnado no seu traballo e darlles retro-alimentación, algo que nos parece primordial neste momento. Acompañaremos, motivaremos e reforzaremos a actitude e o esforzo do alumnado.

Materiais e recursos

Contacto telefónico,

Páxina Web do centro

Redes Sociais

Mensaxería

Espazo Abalar

Sistema Cisco de Vídeokonferencias

Correo electrónico persoal,

Blogue de inglés e de Arts and Crafts, para colgar enlaces e materiais de reforzo.

Material personalizado para algún alumno/a con neae, que se enviará impreso.

3. A) ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS PARA TRABALLAR POR COMPETENCIAS NA AULA

Todo proceso de ensino-aprendizaxe debe partir dunha planificación rigorosa do que se pretende conseguir, tendo claro cales son os obxectivos ou metas, que recursos son necesarios, que métodos didácticos son os máis axeitados e como se avalía a aprendizaxe e retroaliméntase o proceso.

Os métodos didácticos han de elixirse en función do que se sabe que é óptimo para alcanzar as metas propostas e en función dos condicionantes nos que ten lugar o ensino.

- ⇒ Un dos elementos clave no ensino por competencias é despertar e manter a **motivación** cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.
- ⇒ Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias requírense, ademais, metodoloxías activas e contextualizadas. Aquelas que faciliten a **participación e implicación** do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais, serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiros.
- ⇒ As metodoloxías activas han de apoiarse en estruturas de aprendizaxe **cooperativa**, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.
- ⇒ Para un proceso de ensino-aprendizaxe competencial as **estratexias interactivas** son as máis adecuadas, ao permitir compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.

- ⇒ O **traballo por proxectos** axuda ao alumnado para organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipótese e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.

- ⇒ Así mesmo, resulta recomendable o uso do **portfolio**, que achega información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite compartir resultados de aprendizaxe. O portfolio é unha ferramenta motivadora para o alumnado que potencia a súa autonomía e desenvolve o seu pensamento crítico e reflexivo.

3.5. Metodoloxía

3.5.1. Metodoloxía Didáctica

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

- O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos.
- A aprendizaxe a nivel de competencias.
- As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe.
- Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes.
- A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se basea na actividade.
- Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.

-A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe.

-A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos.

-Unha aprendizaxe permanente.

3.5.3. Materiais e recursos didácticos

O libro de texto utilizado é *All About Us* de Oxford University Press. O alumno dispón do *Class Book*, o *All About Me Booklet*, *Activity Book*, o póster *All About Us* e *flashcards*, os CDs de audio.

E por último, os recursos na web *Oxford Online Learning Zone*, con práctica interactiva, para ser utilizados na casa ou na aula.

Os recursos multimedia mencionados integran por completo o uso das TIC na aula, permitindo ós profesores adaptar as mellores solucións dixitais de acordo ó alumnado ou ó centro.

3.5.5. Organización de tempos, agrupamentos e espazos

Con respecto ós alumnos, o profesor pode seguir diferentes criterios para o agrupamento destes:

- En función da orde alfabética
- Agrupamentos flexibles
- Pequenos grupos de reforzo dentro/fóra da aula

Á hora de realizar as tarefas, completar actividades, proxectos, etc. a organización dos alumnos realízase en función do tipo de interacción que se dá nese momento na aula:

- Profesor-alumno
- Traballo individual
- Traballo en parellas
- Traballo en grupo

A aula deixou de ser o único lugar onde se imparte unha materia. O centro conta cunha serie de recursos espaciais, materiais e virtuais, que se poden empregar para impartir a materia:

- Laboratorio de idiomas
- Aula virtual
- Sala de informática – Aula de audiovisuais
- Biblioteca
- Salón de actos - Teatro
- Taller
- Ximnasio
- Patio

3.5.6. As medidas de atención para a diversidade dos alumnos

Criterios e procedementos previstos para realizar as adaptacións curriculares apropiadas para os alumnos con necesidades educativas especiais

As adaptacións se centrarán en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe
2. Metodoloxía máis personalizada
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe
4. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
5. Aumentar a atención orientadora
6. Enriquecemento curricular
7. Avaliacións adoptadas para as necesidades destes alumnos

2.2. Plan de lectura

Propoñemos as seguintes actividades para desenvolver a competencia lectora en inglés:

- Lectura en voz alta de textos por parte dos alumnos.
- Grupos de lectura dentro e fóra da aula.

- Lectura graduada relacionada coa linguaxe e/ou tema da unidade na casa. Inclúese unha táboa na que se indicarán os libros recomendados para cada trimestre

1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre
▪	▪	▪
▪	▪	▪
▪	▪	▪

2.3. Plan de Tecnoloxías da Información e da Comunicación

Obxectivos:	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Favorecer a aprendizaxe da lingua estranxeira. ▪ Adquirir habilidades tecnolóxicas e comunicativas. ▪ Facilitar o acceso á información en soporte dixital. ▪ Investigar e contrastar información. ▪ Facer un uso axeitado da Internet e das redes sociais. ▪ Uso de redes sociais, correo electrónico, mensaxes, etc. ▪ Crear documentos en formato dixital. ▪ Descargar e compartir recursos. ▪ Outros.
--------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Recursos:	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Conexión a Internet ▪ Sala de informática ▪ Ordenadores, tabletas, <i>netbooks</i>, portátiles ▪ Lousa dixital ▪ Outros.
Programas / Aplicacións:	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Páxinas web ▪ Wikis ▪ Procesadores de texto ▪ Ebooks ▪ Blogs ▪ <i>Skype</i> ▪ <i>Google sites</i> ▪ Redes sociais ▪ Outros

3º Trimestre de 3º Curso de Primaria

UNIT 5 – The robber’s clothes

OBXECTIVOS	CONTIDOS LINGÜÍSTICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES APRENDIZAXE DE	COMPE-TENCIAS
------------	-----------------------	-------------------------	---------------------------	---------------

Bloque 1. Comprensión de textos orais

b) f)	<ul style="list-style-type: none"> Estratexias de comprensión: Comprende-las estruturas receptoras empregadas na clase: Comprende-lo sentido xeral das historias e o texto da unidade. Identificar 10 pezas de roupa e seis pezas de verán. 8. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: os sons s /s/, sh /ʃ/. <i>Song</i> e un <i>chant</i> .	B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e contén co apoio visual correspondente. ^[1] _[SEP]	PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.	CL
		B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis relevante do texto. ^[1] _[SEP]	PLEB1.2. Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado.	CL
		B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos	PLEB1.3. Entende o que se lle	CL

		e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.	di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos)..	AA
